

infraestruturas

O delegado do Goberno, Pedro Blanco, asegura que a A-54 estará rematada no verán. **Páx. 6**

sociedade

A USC reabre o Pazo de Montenegro como sede institucional na cidade amurallada. **Páx. 10**

arde lucus

O programa Arde Lucus Cultural reunirá preto de 20 actividades antes da festa de xuño. **Páx. 15**

cultura

O Goberno central impulsa que O Vello Cárcere sexa Lugar de Memoria Democrática. **Páx. 16**

deportes

Lugo acollerá o Campionato de España de Seleccións Autonómicas de voleibol base. **Páx. 30**

Elena Candia, nova alcaldesa por un voto



Nova estación intermodal na cidade de Lugo

Marcan xuño como o mes previsto para que rematen as obras na que quedará lista a infraestrutura. **Páx. 7**

Carmela López, presidenta da Deputación

A tamén alcaldesa de Burela valora este novo cargo desde a responsabilidade e a ilusión. **Páx. 20-21**

Dano Cerebral Lugo



A entidade fai 20 anos de traballo en favor das persoas con esta patoloxía. **Páx. 14**

Adrián Méndez



Forma parte de De Ninghures e escribiu o libro 'O violín que trae o vento'. **Páx. 17**

Club Lugo Esgrima



Pepe Bermúdez pon en valor un deporte interxeracional e con valores. **Páx. 31**

As Letras Galegas honran a Begoña Caamaño

A narradora e xornalista viguesa será homenaxeada polo seu legado literario. **Páx. 29**

EXCLUSIVIDAD para la SALUD de tu SONRISA

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Problemas de Oclusión y Función
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es



Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Froes)

¡Ortodoncia todos los días!

Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h



Sae adiante a moción de censura conxunta do Partido Popular e da concelleira non adscrita

Elena Candia é a nova alcaldesa de Lugo despois de que a moción de censura presentada polo Partido Popular de Lugo saíse adiante con 13 votos a favor e 12 en contra nun pleno extraordinario celebrado o pasado xoves 7 de maio de 2026.

A iniciativa contou co apoio da concelleira non adscrita María Reigosa, que accedera ao goberno local en novembro tras o falecemento de Pablo Permuy e que, despois de abandonar o grupo socialista, pechou un acordo coa candidata popular para desaloxar do executivo municipal ao bipartito formado por PSOE e BNG. Con este resultado, o Partido Popular recupera a Alcaldía de Lugo 27 anos despois de gobernos progresistas. O pleno desenvolveuse nun ambiente de forte tensión desde o inicio, cunha elevada presenza de medios de comunicación e persoal de confianza dos distintos grupos políticos, o que completou o aforo da sala antes do comezo e impediu a entrada de calquera membro do público. A familia de Elena Candia tampouco puido acceder ao interior do consistorio para a toma de posesión. A mesa de idade, formada por Flor Rubinos como concelleira de maior idade e Iria Buíde como a máis nova, protagonizou un debate sobre a xestión dos accesos. Mentres a representante popular defendía permitir a entrada do público, a concelleira máis nova considerou necesario consultar o xefe da Policía Local por motivos de seguridade. Durante esta discusión, no exterior continuaron os berros na praza, sen chegar a interromper a sesión.

No inicio do pleno, Elena Candia lamentou non poder estar acompañada pola súa familia e defendeu a legalidade do proceso, asegurando que a moción foi rexistrada hai dez días "respectando a normativa, a

Pola súa parte, a concelleira non adscrita María Reigosa rexeitou empregar a súa quenda de palabra para explicar o seu apoio á moción, unha decisión cualificada como inusual no pleno. Finalmente, Ramón Cabarcos

paldo recibido nos últimos días e o acompañamento da súa familia, especialmente do seu pai e do seu padriño, aos que atribuíu os valores de esforzo e honestidade que, segundo dixo, marcan a súa traxectoria.



lexislación e avalada polo Tribunal Constitucional", engadindo ademais que chega á Alcaldía "despois de gañar as eleccións".

O goberno local saínte interveu cun discurso de despedida no que puxo en valor o traballo realizado durante o mandato, agradeceu o esforzo compartido e lembrou aos compañeiros falecidos, defendendo que "Lugo é mellor".

defendeu a lexitimidade da moción e realizou un percorrido polos problemas da cidade e da xestión municipal que, segundo sinalou, xustifican o cambio de goberno.

PRINCIPAIS MEDIDAS DO NOVO GOBERNO LOCAL DO PP. Elena Candia, tras ser elixida alcaldesa de Lugo co apoio de 13 concelleiros, iniciou a súa intervención agradecendo o res-

A nova rexedora subliñou que asume esta responsabilidade con "ilusión, compromiso e sentido do servizo público", asegurando que o seu proxecto non se centra no persoal senón na cidade: "isto non vai de min, vai de Lugo". Defendeu unha forma de gobernar baseada na proximidade, na empatía e no traballo para toda a cidadanía, apelando á unidade institucional e ao respecto.

Candia anunciou un plan de acción de preto de 50 medidas para executar nun prazo dun ano, co obxectivo de "recuperar o orgullo de cidade" e avanzar nun modelo de xestión centrado nas persoas. Entre as súas prioridades situou o reforzo das políticas sociais, o apoio a entidades e a axilización dos convenios de colaboración. En materia social, comprometeu a redución das listas de agarda do Servizo de Axuda no Fogar e a creación do Consello do Maior. Tamén anunciou o reforzo dos servizos de conciliación, un plan municipal de saúde mental e melloras na atención aos novos veciños e profesionais.

No ámbito da seguridade e dos servizos públicos, asegurou que serán unha prioridade, xunto co reforzo dos cadros de persoal dos profesionais esenciais; e outro eixo central será a mobilidade, anunciando a revisión do actual plan, a modificación do deseño de carrís bici, o aumento de prazas de aparcadoiro, a mellora do transporte público e a eliminación de "tapóns urbanísticos". Tamén defendeu a cooperación con outras administracións, o impulso do rural, así como proxectos como a futura praia fluvial ou a cesión de terreos no Sagrado Corazón para un novo centro de saúde.

Destacou a reactivación de obras en Serra de Meira, a finalización do Plan Paradaí, a renovación da protectora de animais, a mellora de parques e zonas verdes, a dinamización económica mediante unha oficina específica e o impulso da marca Lugo Cidade Universitaria. Candia tamén defendeu a necesidade de revisar tramos de carril bici, resolver tecnicamente a Zona de Baixas Emisións e poñer en valor espazos como As Caldas ou o pavillón da OJE. E asegurou que comezará a traballar cos empregados municipais, convocando o comité de empresa e a xunta de persoal.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com



Por outra banda, parte da cidadanía lucense mostrou o seu rexeitamento a esta moción de censura coa creación da plataforma cidadá 'Transfuguismo non, democracia si', que convocou tres concentracións multitudinarias: unha 24 de abril, cando foi anunciado o pacto, outra antes do pleno ordinario do 30 de abril e outra o propio 7 de maio, antes do pleno extraordinario no que saíu como alcaldesa Elena Candia. Miles de voces da sociedade civil, cargos políticos e numerosos veciños e veciñas da cidade uníronse en cánticos como "Mans arriba, isto é un atraco", "Transfuguismo non, democracia si", "A Reigosa, a maior mafiosa" ou "Candia aprende, Lugo non se vende", coreadas de maneira reiterada polos manifestantes. O escritor lucense Lois Pérez, un dos promotores da plataforma cidadá convocante, asegurou que "a cidadanía lucense ve vulnerada a vontade popular ex-

presada maioritariamente por forzas de esquerdas nas urnas nas últimas eleccións a través dunha manobra corrupta, que aínda que sexa legal, non é lexítima, e está moi afastada do ben común e do servizo á cidadanía". O escritor destacou tamén que a concentración pretendía converter esta xornada "nun símbolo de resistencia democrática", ao afirmar que "por iso erguémonos aquí, ante este bochorno; imos resignificar o que significa gañar e perder nas urnas e así imos mostralo nas eleccións municipais de 2027".

Pola súa parte, Rubén Arroxo, como portavoz do BNG de Lugo, arroupado polo seu equipo de concelleiros e concelleiras, formado por Alexandre Penas, Maite Ferreiro, Cristina López e Iria Buíde, agradeceu en primeiro lugar a todas as persoas que se achegaron á Praza Maior para mostrar o seu apoio ao equipo de goberno e defender a democracia en Lugo.



Durante a súa intervención, Arroxo definiu a moción de censura como "un golpe de Estado municipal, algo que nunca se viu na historia de Lugo: unha tráfuga que está vendendo aos veciños da nosa cidade, e peor, un PP que se atreve a mercadear cunha tráfuga para intentarse facer co goberno de Lugo a toda costa; un escándalo". O portavoz nacionalista asegurou tamén que "a sociedade teme a situación de inestabilidade que se está a crear estes días" e advertiu de que "Lugo é unha cidade digna e non vai esquecer este golpe de Estado municipal que vai dar o Partido Popular", concluíu.

Con respecto ao exalcalde de Lugo, Miguel Fernández, agradeceu tamén a presenza das persoas asistentes e definiu a moción de censura como "inxusta, inoportuna e indignante, porque non obedece a construír unha alternativa de goberno para mellorar esta cidade senón que cumpre a ambición e as ansias de poder de Elena Candia, utilizando o Concello como plataforma para chegar a outros obxectivos". O exrexedor afirmou ademais que a iniciativa está marcada "sobre a ausencia e a dor do falecemento de tres compañeiros, que se non fora por iso, non tería lugar esta situación".

Fernández sostivo tamén que a moción é "inxustificada sobre unha mentira, porque esta cidade avanza, desenvólvese, modernízase, ten proxectos", ao tempo que engadiu que se trata dunha operación política materializada "por unha traizón a través da tráfuga, un comportamento reprobable e denigrante".

O anterior alcalde concluíu lamentando o impacto institucional da situación e afirmou que "que triste trasladar esta imaxe inxusta e irreal da cidade e que pena acceder á Alcaldía, algo tan honorable, e que quere calquera persoa que se dedica á política, desta maneira". Ademais, asegurou que volverá ser alcalde o ano que vén, cando gañen as eleccións municipais de 2027.



NOVO EQUIPO DE GOBERNO

- **Alcaldía, Medio Ambiente, Xestión Integral de RRHH e Seguridade:** Elena Candia
- **Tenencia Alcaldía, Mobilidade e Obras:** Antonio Ameijide
- **Segunda Tenencia Alcaldía, Cultura e Educación:** Javier Vázquez
- **Dinamización económica e Relacións Institucionais:** Cristina Sanz
- **Zona Rural:** Flor Rubinos
- **Urbanismo:** Ramón Manuel Carbarcos Rodríguez
- **Política Social, Maiores e Migración:** Gustavo Enrique Díaz Rey
- **Turismo e Museos:** Agustín Gallego Vigo
- **Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal:** Mar Carballas
- **Deportes, Infancia e Xuventude:** Damián Carballo Méndez
- **Muller e Conciliación:** Aurora Aida Goás Castro
- **Industria e Mercados:** Silvia Colmenero Guzmán
- **Asesora do goberno local:** María Reigosa Castro, concelleira non adscrita. Respectando o artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, terá un traballo de supervisión política e programática de actuacións municipais en materia de infraestruturas de xeito transversal.





*Clinica dental
Mosquera Otero*



Registra Sanitario: CZ7-001149







- CIRURXÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLoxÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL

- ORTODONCIA
- IMPLANTOLoxÍA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

Te damos
una razón
PARA SONREIR

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

Un proxecto de humanización unirá Otero Pedrayo con Río Sil



Xa está en marcha un proxecto de humanización da unión de Otero Pedrayo con Río Sil. Durante un encontro coa veciñanza da rúa Otero Pedrayo, Rubén Arroxo abordou esta iniciativa coa que pretende crear un novo espazo de convivencia, co obxectivo de mellorar a calidade de vida e fomentar a participación cidadá na definición dos espazos públicos.

O proxecto, que segundo anunciou o representante local “está elaborado e listo para ir a Contratación”, contempla a creación dunha zona de plataforma única con prioridade para as persoas peóns, na que se incluírán prazas de estacionamento e unha nova área de xogos destinada a nenas e nenos. Ademais, o espazo organizarase en bancais que integrarán distintas árbores, contribuíndo á renaturalización da contorna e á mellora ambiental da zona.

“Seguimos avanzando na cidade dos 5 minutos, traballando da man das veciñas e veciños para conseguir consensos na transformación do

espazo urbano dos nosos barrios”, destacou o extenente de alcalde, quen puxo en valor a importancia de escoitar as demandas da cidadanía. Neste sentido, animou á veciñanza a facer chegar as súas propostas ao Concello, subliñando que “a información recollida, xunto coas visitas periódicas aos barrios, permítenos planificar mellor as prioridades e o traballo a realizar”.

Para Arroxo, a intervención en Otero Pedrayo constitúe un novo exemplo “de participación da veciñanza na transformación do espazo público”, lembrando que nos últimos meses a Tenencia de Alcaldía mantivo diversos encontros coas persoas residentes para coñecer as súas necesidades e poder elaborar unha proposta axustada á realidade do barrio. Trátase, segundo indicou, dun traballo desenvolvido en colaboración constante coa veciñanza, seguindo un modelo plenamente participativo que permitiu definir unha actuación adaptada ás demandas reais da zona.

Abre ao paso peonil a pasarela construída no Carril das Flores

As obras de renovación integral do Carril das Flores contiñan avanzando e entran nunha nova fase coa apertura ao paso peonil da nova pasarela construída na contorna. O responsable da iniciativa, Rubén Arroxo, destacou que a actuación permitirá eliminar “un dos puntos de maior deterioro urbano da cidade”, creando un espazo máis amable, accesible e integrado co Camiño Primitivo e coa Muralla.

Segundo explicou, o inicio da colocación da nova estrutura supón un fito relevante dentro dun proxecto que busca transformar por completo esta zona da cidade. A intervención converterá o Carril das Flores nunha plataforma única con prioridade peonil, incorporando tamén novas zonas verdes, espazos de convivencia e a renovación completa dos servizos urbanos.

A actual pasarela situada na área próxima á rolda da Muralla está a ser substituída por unha nova estrutura metálica lixeira asentada sobre piares e vigas con cimentación soterrada. Esta solución permitirá conservar á vista o muro orixinal e ampliar a anchura da parte inferior en, polo menos, 1,2 metros.

O deseño busca ademais unha integración estética co entorno da Mosqueira e coa praza do Camiño Primitivo, ofrecendo continuidade visual ao longo de todo o Carril das Flores. Na parte superior manterase o pa-



vimento de plaqueta, mentres que se habilitará unha calzada de formigón xunto cunha zona peonil en granito, acompañada de xardineiras de aceiro Corten e novo mobiliario urbano.

Na zona inferior executarase un falso teito en cor clara para xerar contraste coa estrutura metálica e mellorar a imaxe visual do conxunto, transformando de maneira significativa este espazo.

A rúa converterase nunha plataforma única na que quedarán claramente diferenciadas as áreas destinadas ao tránsito peonil e á circulación dos vehículos que saian do aparcadoiro. O novo pavimento será de formigón e incluírá espazos axardinados e bancos.

Tamén se renovará por completo o sistema de iluminación, soterrando canalizacións e ampliando a rede co obxectivo de eliminar as zonas escuras. Para

iso reutilizaranse columnas de fundición recuperadas do casco histórico, ao tempo que se avanzará na implantación de tecnoloxía LED.

No apartado hidráulico, mellorarase a drenaxe mediante a instalación dunha canaleta lonxitudinal para recoller a auga superficial da calzada. Ademais, substituiranse as canalizacións de saneamento e abastecemento, retirando o PVC para instalar fundición dúctil, novas bocas de rego e incendio, así como rego automático nas futuras zonas verdes.

A obra permitirá tamén impulsar o corredor peonil leste-oeste da cidade, un gran paseo que conectará o barrio de Fontiñas co río, atravesando o Carril das Flores, a Mosqueira, a Ronda da Muralla e chegando ao Recatelo, coa futura pasarela que enlazará con Magoi e o parque Marcos Cela.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Licitada a pasarela que unirá os parques Rosalía e Marcos Cela

A Xunta de Goberno do Concello de Lugo aprobou o inicio do procedemento de licitación para a construción dunha nova pasarela peonil que conectará o Parque de Rosalía co Parque Marcos Cela.

A infraestrutura sairá a concurso cun orzamento de 1.147.136,91 euros e contará cun prazo de execución de oito meses. A nova pasarela estará formada por unha estrutura curva metálica realizada en aceiro corten e apoiada sobre piares en forma de "V". Segundo explicou Rubén Arroxo, a solución técnica busca garantir resistencia, durabilidade e un mantemento reducido grazas á capacidade dos materiais para soportar a corrosión atmosférica.

O trazado curvo permitirá suavizar o desnivel existente e mellorar a integración da estrutura na contorna urbana. Arroxo lembrou que esta zona conectaba historicamente co río a través de camiños tradicionais.



Arroxo destacou o seu potencial para avanzar cara a unha cidade máis camiñable, creando un novo itinerario peonil entre espazos emblemáticos da cidade. Tamén indicou que se realizará seguimento do proxecto para garantir a súa correcta execución.

O exresponsable municipal lembrou que esta intervención deriva

dun acordo plenario de 2018 e destacou que permitirá recuperar unha conexión histórica cortada pola infraestrutura viaria actual. A pasarela posibilitará un percorrido peonil continuo desde o centro ata o río Miño, pasando por Recatelo e o Parque Marcos Cela, o que cualificou como unha mellora relevante para a continuidade urbana.

O firme da avenida dos Deportes está sendo mellorado e renovado



Xa deron comezo as obras de mantemento na avenida dos Deportes, onde a ex Tenencia de Alcaldía impulsa a renovación do asfalto no tramo comprendido entre a glorieta da Cheda e o Paseo Palestina cun investimento de 75.347,19 euros. A actuación busca mellorar as condicións de circulación e reforzar a seguridade viaria nunha das zonas con maior tránsito da cidade. A obra céntrase na mellora da capa de rodadura, xa que o firme no seu conxunto presenta un bo estado e os danos detectados non proceden das capas inferiores.

O proxecto contempla o fresado superficial de toda a zona afectada e a posterior colocación dunha nova capa de rodadura elaborada con mestura asfáltica en quente, coas condicións técnicas axeitadas para asegurar a durabilidade da actuación.

Ademais, executarase o repintado da sinalización horizontal afectada polos traballos, incluíndo liñas continuas e discontinuas, pasos de peóns, cebreados, frechas indicativas, prazas

de estacionamento e zonas reservadas para autobuses, entre outros elementos. Tamén se renovará a sinalización horizontal da avenida dos Deportes ata o acceso ao estadio Anxo Carro.

Rubén Arroxo sostivo que os traballos consistirán na substitución "do firme máis desgastado con asfalto en quente, ademais da renovación da sinalización horizontal para garantir a seguridade viaria".

Segundo indicou, esta intervención forma parte da liña de actuación municipal para dispoñer dunhas infraestruturas seguras e adaptadas ás necesidades do tráfico.

Con este proxecto, mellóranse os espazos urbanos e coa seguridade da veciñanza e das persoas usuarias das vías públicas. A intervención foi moi ben recibida pola cidadanía, que levaba tempo reclamando unha actuación nesta vía debido ao seu elevado uso diario, tanto por ser o acceso ao campo de fútbol da Cheda, como por ser a principal vía de acceso ao Pazo de Feiras e Congressos de Lugo.

Adxudicada a renovación da rampla de acceso á Praza de Abastos

O Concello de Lugo adxudicou a obra de renovación da rampla de acceso á Praza de Abastos pola rúa Tuñas Bouzón, unha actuación destinada a mellorar a accesibilidade e a comodidade dos usuarios.

Rubén Arroxo explicou que esta intervención facilitará a entrada á Praza de Abastos mediante a creación dun novo acceso cunha pendente máis reducida, o que permitirá un tránsito máis cómodo e seguro para a cidadanía. Segundo indicou, esta actuación inscríbese na estratexia

municipal para seguir reforzando tanto a Praza de Abastos como o Mercado Municipal como "dúas instalacións referenciais para o comercio de proximidade".

A obra contará cun investimento total de 115.120,61 euros e disporá dun prazo de execución de 3 meses. Os traballos permitirán alongar a rampla actual, reducindo a súa inclinación e mellorando así as condicións de accesibilidade ao aproveitar o espazo dispoñible ata a liña de fachada da Praza de Abastos.

Desde o anterior goberno local explicaron que a actuación responde á detección dun problema estrutural na infraestrutura, motivo polo que se procederá á súa renovación integral. A nova rampla conservará a estética e os acabados actuais, aínda que actualizará a súa estrutura. Para iso empregaranse materiais axeitados para exteriores, como aceiro galvanizado e formigón, co obxectivo de garantir unha maior durabilidade e resistencia da instalación.

Certificados profesionales. Tu titulación oficial GRATIS

estudios
rafer

Inicio inmediato | Plazas limitadas | Reserva la tuya

AULA VIRTUAL



SSCB0109 - **Dinamización comunitaria.**



ADGD0210 - **Creación y gestión de microempresas.**



FMEC0209 - **Diseño de tubería industrial.**



ADGG0108 - **Asistencia a la dirección.**

Consulta toda la oferta formativa.

estudiosrafer.es
formacion@estudiosrafer.es | 982 22 26 49

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y EMPLEO



A Praza de San Lourenzo será un novo espazo



Poñen en marcha a fase técnica previa á execución dunha actuación na Praza de San Lourenzo, unha intervención que busca converter este ámbito “nun novo espazo público verde, accesible e adaptado aos retos do cambio climático”, segundo defenden desde o anterior equipo de goberno municipal. O proxecto, integrado no programa europeo Novo Norte, suporá a transformación dunha superficie duns 2.000 metros cadrados cun investimento próximo aos 400.000 euros, ao que se suma agora a contratación da redacción do proxecto técnico por 17.545 euros.

Esta actuación enmárcase na liña de Zonas de Confort Climático do Plan de Actuación Integrado Novo Norte, co que o Concello pretende avanzar na rexeneración urbana da zona norte da cidade, mellorando a calidade ambiental dos espazos públicos e reforzando o seu uso como lugares de convivencia.

Co inicio desta fase, queda encamiñada unha intervención integral que inclúe a reordenación da praza e da súa contorna inmediata. Está prevista a mellora da pavimentación, a accesibilidade universal, os itinerarios peonís, a iluminación con tecnoloxía LED, o mobiliario ur-

bano e a renovación da infraestrutura verde. O proxecto incorporará solucións baseadas na natureza, orientadas a aumentar a permeabilidade do solo, mellorar a drenaxe da auga da chuvia, reforzar o arborado e a vexetación e reducir a temperatura superficial do espazo, co obxectivo de mitigar o efecto illa de calor urbana. Tamén se contempla a remodelación da área infantil existente, garantindo un espazo de xogo integrado nun entorno máis seguro, confortable e adaptado ao uso diario da veciñanza.

En paralelo, iniciarán as obras de renovación integral da área de xogos infantís situada na Ronda Xosé Castiñeira, cun investimento de 48.394,92 euros con cargo a fondos municipais. Trátase dun espazo con case 20 anos de antigüidade que presenta un notable deterioro e que era a única área infantil do casco urbano que aínda contaba con pavimento de area. A reforma incluírá a instalación dun pavimento continuo de seguridade, a substitución do peche perimetral e a incorporación de novos xogos, como unha estrutura de trepa, un multixogo inclusivo adaptado a nenos e nenas con mobilidade reducida e un columpio dobre.

Rubén Arroxo e Alexandre Penas presentaron oito novas rotondas

Os encargados da área de Infraestruturas e Mobilidade do anterior Goberno local, Rubén Arroxo, e Alexandre Penas, e o enxeñeiro municipal, Pablo Fuentes, presentaron un conxunto de actuacións orientadas a mellorar a mobilidade urbana que contempla a construción de oito novas rotondas en diferentes zonas da cidade.

Os proxectos distribúense por varios puntos do municipio. Na contorna noroeste inclúense as interseccións da Avenida de Breogán coa rúa Orquídea e da rúa Santo Graal con Angelo Colocci. Pola súa banda, na zona sur prevese a execución dunha rotonda no cruzamento da rúa Alfonso X O Sabio coa Estrada da Granxa, un enclave estratéxico pola súa conexión coa N-VI.

A Avenida de Magoi concentra a maior parte das actuacións, con cinco rotondas previstas. Dúas delas situaranse nos cruces coa Estrada da Granxa e coa rúa Campos Novos, mentres que as outras tres estarán na contorna do Auditorio, nas conexións coas rúas do Valiño, Bispo Ona de Echave e Madanela.

Arroxo explicou que esta iniciativa responde a un traballo planificado



desde hai meses e o obxectivo é substituír parte dos cruces regulados por semáforos por glorietas, sempre que as condicións o permitan.

O exresponsable municipal subliñou que estas intervencións só se executarán naqueles puntos onde sexan viables desde o punto de vista técnico e da seguridade, lembrando que non todos os cruces poden adaptarse a este modelo debido ás limitacións de espazo.

Entre os beneficios que se perseguen figura a mellora da fluidez do tráfico e a redución das retencións, especialmente nas horas de maior

intensidade circulatoria, ao considerar que as rotondas permiten unha circulación máis continua que os sistemas semafóricos.

O deseño das novas infraestruturas tomará como referencia exemplos recentes xa implantados na cidade, como o da rotonda situada no cruzamento de Alfonso X coa Ronda de Fingoi, que segundo destacou Arroxo está a ofrecer bos resultados. Ademais, o plan inclúe medidas para reforzar a seguridade peonil, coa instalación de pasos elevados que faciliten o tránsito e melloren a visibilidade.

Aseguran que a A-54 entre Lugo e Santiago estará rematada no verán

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, avanzou que Lugo quedará conectada por vía rápida con Santiago de Compostela no próximo verán, unha vez finalicen as obras do último treito da Autovía A-54. Segundo explicou, o tramo penden-

te atópase nunha fase moi avanzada, o que permitirá reducir o tempo de desprazamento entre ambas cidades ata arredor dos 50 minutos. O delegado subliñou que se trata dunha actuación “clave”, que responde a unha demanda histórica

da cidadanía e que contribuirá a mellorar a mobilidade e a cohesión territorial en Galicia. Coa posta en servizo completa da autovía, engadiu, producirase un salto cualitativo nas comunicacións da provincia, facilitando tanto os desprazamentos diarios como a actividade económica, ademais de establecer unha conexión máis directa e áxil coa capital galega.

Porén, desde o Partido Popular manteñen as súas dúbidas sobre o cumprimento dos prazos. Os senadores populares por Lugo lembran que, durante a inauguración do último treito posto en servizo da A-54, o ministro de Transportes, Óscar Puente, anunciara publicamente que o tramo restante abriría no verán do pasado ano.

Neste contexto, os representantes do PP insisten en que a conexión completa entre Lugo e Santiago é unha infraestrutura fundamental para a mobilidade, a seguridade viaria e o desenvolvemento económico da provincia, ao tempo que lembran que a sociedade lucense leva anos agardando pola finalización dunha obra considerada estratéxica.

A estación intermodal podería estar rematada en xuño

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, visitou as obras da nova estación intermodal, acompañado polo exalcalde de Lugo, Miguel Fernández, a subdelegada do Goberno na provincia, Olimpia López, e o director adxunto de Construción de Adif, Juan Pablo Villanueva. Pedro Blanco puxo en valor que a nova estación, que encara os últimos traballos, suporá “un antes e un despois para Lugo”, ao tratarse dunha infraestrutura moderna, accesible e preparada para conectar a cidade coa alta velocidade, saldando así unha débeda histórica cos lucenses.

No que atinxe á evolución das obras da estación intermodal, Pedro Blanco explicou que os traballos están nunha fase moi avanzada de execución e que poderán estar listos para o mes de xuño. O novo edificio de viaxeiros xa ten a súa estrutura e cerramento finalizados e actualmente



estanse a completar as instalacións. Tamén están rematadas as actuacións principais da pasarela peonil de conexión entre a estación ferroviaria, o aparcadoiro e a estación de autobuses, así como do paso inferior, que terá a función de acceso a andéns e paso de cidade. Os traballos nos andéns atópanse na recta final, coa instalación de in-

dicadores, sistemas de megafonía e a realización das probas correspondentes.

Do mesmo xeito, avanza as tarefas de urbanización do entorno da estación, tanto no lado da cidade como na zona do parque do Sagrado Corazón, así como os accesos na contorna da Praza do Conde Fontao e da Rúa Alta.

Avanzan as obras na rúa Pintor Corredoira para reforzar a seguridade



As obras na rúa Pintor Corredoira avanza a bo ritmo no marco dunha intervención de mellora do espazo público que ten como obxectivo reforzar a seguridade peonil na contorna do CEIP Anexa, segundo explicou Rubén Arroxo, quen destacou a ampliación da beirarrúa diante do centro educativo, unha das pezas centrais deste proxecto. Arroxo enmarcou esta intervención dentro dunha nova fase do plan de mellora das contornas escolares que impulsaba a anterior Tenencia de Alcaldía, lembrando actuacións no Luís

Pimentel, As Mercedes e Rosalía de Castro.

As obras continúan coa execución dun novo paso de peóns elevado na rúa Pintor Corredoira e coa creación dunha zona de espera nunha parcela actualmente sen uso. Este espazo está a ser pavimentado con formigón impreso e contará con nova arborización para xerar áreas de sombra e mellorar o confort da contorna. Ademais, a beirarrúa ampliada quedará protexida cunha varanda de aceiro galvanizado, co obxectivo de incrementar a seguridade peonil.

O parque infantil de Aquilino Iglesias Alvariño estrea imaxe para as crianzas

O Concello de Lugo levou a cabo a renovación do parque infantil de Aquilino Iglesias Alvariño dentro das actuacións de conservación e mellora dos espazos de lecer do municipio. Esta intervención inscribese no contrato municipal destinado ao mantemento das áreas infantís e biosaudables, que abrangue arredor de 80 instalacións distribuídas por toda a cidade e que permite executar traballos continuos de reposición, reparación e optimización das condicións destes espazos, garantindo un con-

trol permanente do seu estado.

No caso concreto desta área de xogos, os traballos centráronse na reparación e substitución de elementos deteriorados, así como na posta a punto das estruturas xa existentes. Ademais, reforzáronse as condicións de seguridade e estabilidade dos xogos e realizáronse melloras tanto no pavimento como na contorna, co obxectivo de favorecer un uso máis seguro, accesible e adaptado ás necesidades actuais das crianzas. Estas actuacións complétanse coas

tarefas periódicas de mantemento que inclúen revisións regulares dos xogos, substitución de pezas danadas e adaptación das instalacións á normativa vixente, aspectos considerados fundamentais para garantir a súa durabilidade e correcto funcionamento.

O exalcalde de Lugo, Miguel Fernández, destacou a importancia desta intervención nun espazo cunha elevada afluencia diaria polas familias e na que era preciso actuar para mellorar tanto o seu estado xeral.

¡Prepara tu piel para un bronceado más sano, bonito y duradero!

Hidratación y exfoliación corporal

ORBALLO ESTÉTICA INTEGRAL E BENESTAR

Reservas mediante Whatsapp
636 384 715

Ronda das Fontiñas 320, baixo · 636 384 715 · www.orballoestetica.com

JORNADAS DEL
LECHAZO & GALLO DE MOS
DEL 9 AL 24 DE MAYO
Sábados y domingos, resto de días consultar. Previa encargo.

ENTRANTES (dos a elegir)

Cogollos de tudela con ventresca y pimientos asados

Espárrago triguero braseado sobre parmentier y salsa romesco

Ensalada de tomate con queso de Cebreiro, nueces y vinagreta de miel y mostaza

PLATO PRINCIPAL

Lechazo asado al horno

Gallo de Mos estofado al estilo de la abuela

POSTRE

Soufflé al caramelo

Teja de almendra con helado

44 €
Bebida no incluida

También te recomendamos:

Paletilla de lechal - 27 € Chuletillas de cordero a la plancha - 20 €
Lechazo asado al horno - 23 € Gallo de Mos asado al horno - 23 €

TORRE NUNE Hotel

Aberta a a nova senda entre os paseos fluviais do Rato e do Miño



Miguel Fernández e o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, José Antonio Quiroga, inauguraron a intervención que culmina o cinto verde de Lugo: a nova senda que enlaza os paseos fluviais do Rato e do Miño, configurando un espazo natural acondicionado de máis de 20.000 metros cadrados. Esta obra é froito dun convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e a CHMS, que marcou un avance na integración do río na vida da cidade.

A intervención supón a incorporación desta superficie ao cinto verde da cidade, mediante traballos que incluíron a eliminación de vexetación deteriorada, a nivelación do terreo e a creación dun sendeiro de dous metros de ancho con pavimento estable e seguro.

Ademais, instaláronse bordos de granito, sistemas de drenaxe, bancos do mesmo material, papeleiras metálicas e iluminación a través de 17 luminarias LED. O proxecto tamén apostou pola integración ambiental coa plantación de especies autóctonas como carballos, freixos, abeleiras e bidueiros, a sementeira de céspede e a colocación de case-tas-refuxio para esquiños.

O exrexedor destacou a importancia da cooperación institucional, agradecendo a implicación e compromiso do organismo de conca e do seu presidente, ao tempo que puxo en valor o papel destes

aliados no desenvolvemento de proxectos estratéxicos.

Miguel Fernández subliñou que esta actuación vai máis alá da creación dunha nova senda, ao representar un modelo de cidade verde, sostible e orientada á veciñanza. Neste sentido, incidiu en que o espazo contribúe a fomentar o deporte, o sendeirismo e as actividades ao aire libre, ao tempo que mellora a calidade de vida e impulsa un futuro máis sostible.

Pola súa banda, José Antonio Quiroga destacou que a conexión dos paseos fluviais do Miño e do Rato consolida un corredor verde de máis de 12 quilómetros, combinando mobilidade sostible, mellora ambiental, lecer e valoración patrimonial. Tamén subliñou o impacto positivo da actuación na posta en valor das ribeiras fluviais e na ampliación das zonas verdes públicas, así como na sensibilización da cidadanía sobre a importancia de preservar o medio natural.

O exalcalde concluíu salientando que a finalización desta obra supón o peche dun dos proxectos ambientais e urbanísticos máis relevantes dos últimos anos, lembrando ademais que Lugo é a única capital de provincia de España que conta co recoñecemento de Reserva da Biosfera, un feito que, segundo indicou, reforza a aposta por un urbanismo en harmonía co patrimonio natural.

Proxectan un aparcadoiro preto dos conservatorios

A área de Mobilidade e Infraestruturas do anterior equipo de goberno local anunciou que estaba a traballar na elaboración do proxecto para converter a parcela municipal próxima aos conservatorios e á Escola de Idiomas nun novo espazo de estacionamento no barrio de Fontiñas. Arroxo afirmou que “traballamos para ampliar a rede de estacionamento nun punto no que hai gran demanda especialmente no horario lectivo destas dúas instalacións”.

O obxectivo é dar uso a esta parcela que conta cunha extensión próxima aos 2.000 metros cadrados “que permitirá gañar case un cento de prazas”. Arroxo destacou o traballo da área de Mobilidade na mellora dos espazos de estacionamento “tratando de crear novas prazas onde sexa posible e buscando tamén espazos de estaciona-



mento para vehículos alternativos como as motos”.

Neste sentido, Arroxo lembrou que nos últimos anos Fontiñas gañou novas prazas de estacionamento e novos espazos peonís ao executarse a transformación do cruzamento de Fontiñas co Carril dos Indios e afirmou

que esta nova actuación permitirá disfrutar dun novo estacionamento público na outra punta de Fontiñas.

Arroxo anunciou que a actuación terá lugar nos vindeiros meses, unha vez se aprobe o proxecto e se proceda á licitación dos traballos.

Impulsan un aparcadoiro para vehículos pesados nas Gándaras

O Concello de Lugo aprobou na Xunta de Goberno Local as bases para a concesión dun estacionamento de vehículos pesados nas Gándaras, unha actuación orientada a dar resposta a unha carencia histórica nas principais áreas industriais da cidade.

O anterior rexedor, Miguel Fernández, avanzou esta medida durante un encontro con empresarios das Gándaras e do Ceao, no marco das reunións que o Goberno local mantén co tecido produtivo para analizar necesidades e posibles melloras.

Segundo explicou, trátase dunha demanda traballada co sector que supón un avance relevante na mellora dos servizos e na organización do espazo industrial.

A actuación desenvolverase nunha parcela municipal de 44.369 metros cadrados e tramitarase mediante un procedemento aberto en concorrencia pública, cun prazo de 30 días hábiles para a presentación de ofertas.

A concesión terá unha duración de 10 anos, sen opción de prórroga, e fixa un prazo máximo de 18 meses para a posta en funcionamento do estacionamento desde a formalización do contrato. Durante ese período, a empresa adjudicataria deberá redactar o proxecto, obter as licenzas necesarias e executar as obras.

Desde o punto de vista económico, a infraestrutura será asumida integramente pola empresa concesionaria, sen investimento

por parte do Concello, e establecerase un canon mínimo anual de 1.600 euros, que poderá ser mellorado polas empresas licitadoras.

O estacionamento deberá prestar servizo de forma continua durante todo o ano, reservar polo menos un 20 % das prazas para usuarios en tránsito e cumprir cos requisitos de seguridade establecidos, incluíndo a obtención da correspondente certificación. En canto ás tarifas, establécese un máximo de 80 euros mensuais para abonados e de 1 euro por hora para usuarios ocasionais, cantidades que poderán ser rebaxadas polas empresas que participen no proceso de licitación.




Reino Animal Lugo

Tanatorio - Crematorio de mascotas


Servicio 24 horas

644 861.417

P.E. As Gándaras, Rúa H 12-14 Local 2




A DEPUTACIÓN INVISTE NA PROVINCIA



A Deputación de Lugo remata o acondicionamento como oficinas dun edificio en Lugo

A antiga sede da extinta Suplusa, localizada na rúa San Marcos 11 do concello de Lugo, foi acondicionada para poder acoller nos seus espazos oficinas

A edificación sobre a que se actuou sitúase na capitalidade municipal, no núcleo urbano de Lugo, dentro do conxunto amurallado e por elo resultou de cumprimento o Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto Amurallado da Cidade de Lugo e a súa Zona de Influencia.

Consta a edificación de planta soto, baixa, tres plantas altas e baixo cuberta. Con esta obra actuouse concretamente na planta baixa e na primeira. Os traballos consistiron na colocación de solado, teito e enlucido de paredes, así como a realización das instalacións de electricidade, telecomunicacións, calefacción e ventilación.

Finalmente realizáronse traballos de remate pendentes de terminar en outras zonas da edificación, así como unha limpeza e revisión da cuberta e a reparación de danos no interior causados por humidades.

Obra realizada por:



**MEDIOAMBIENTAL
LUCENSE**

Obra Civil Completa

Cintia Folgueira, recoñecida nos premios 'For Women in Science'



O programa L'Oréal-UNESCO For Women in Science recoñeceu na súa 20ª edición en España o traballo da científica lucense Cintia Folgueira Cobos, xunto con outras catro investigadoras, nun acto celebrado no Teatro Real de Madrid que reuniu a representantes do ámbito científico, académico e institucional co obxectivo de poñer en valor o talento feminino novo no eido da investigación.

Estes premios, dotados con cinco bolsas de 15.000 euros cada unha, teñen como finalidade impulsar a carreira de investigadoras con proxectos innovadores e de alto impacto social, contribuíndo tamén a reducir a fenda de xénero nos ámbitos STEM. Desde a súa creación en España, esta iniciativa global ten destinado máis de 1,4 millóns de euros a 97 científicas. A investigación de Folgueira, desenvolvida no Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), céntrase nos mecanismos celulares que regulan

o metabolismo enerxético na obesidade, así como na relación entre obesidade, inflamación e disfunción metabólica. A súa liña de traballo analiza como determinadas células do sistema inmunitario inflúen no funcionamento das mitocondrias, estruturas encargadas de producir enerxía nas células.

O obxectivo do seu proxecto é comprender como estas alteracións poden afectar ao equilibrio enerxético do organismo e favorecer o desenvolvemento de enfermidades metabólicas, como a diabetes ou patoloxías cardiovasculares, co fin de identificar novas dianas terapéuticas e avanzar cara a tratamentos máis eficaces e personalizados.

Os resultados derivados deste traballo poderían ter un impacto relevante na mellora da prevención e tratamento destas enfermidades, ademais de contribuír a un maior coñecemento dos mecanismos celulares implicados no metabolismo enerxético.

Reabre o Pazo de Montenegro como sede institucional da USC

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) reabre o Pazo de Montenegro como sede institucional en Lugo, recuperando a actividade administrativa no emblemático inmoble situado xunto á Muralla romana e fronte á Catedral. O edificio volverá acoller desde esta semana a sede da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e tamén a da Vicerreitoría de Cultura, Lingua e Patrimonio, ademais da área administrativa vinculada á programación cultural universitaria. Pola súa banda, a Vicerreitoría de Innovación e Transferencia do Coñecemento manterá a súa localización no Edificio Administrativo do campus.

A decisión foi presentada pola reitora Rosa Crujeiras, que enmarcou a medida nunha nova etapa de reforzo do campus lucense e de maior conexión coa cidadanía. Crujeiras explicou que a reapertura figuraba entre os compromisos iniciais do programa co que concorreu ás recentes eleccións á Reitoría e defendeu que "reforzar Lugo é reforzar a USC". Segundo indicou, o regreso ao centro histórico supón abrir unha etapa de maior presenza institucional, máis ambición e unha relación máis estreita coa sociedade lucense.



Durante o encontro, a responsable académica subliñou que o Pazo de Montenegro volve ser un espazo de traballo, xestión e proximidade institucional, ao tempo que se converte de novo nun punto de encontro entre a USC e a cidade, orientado ao diálogo, ao servizo público e á proxección de futuro. Crujeiras incidiu en que a reapertura tamén leva consigo a recuperación e reforzo de distintos servizos universitarios considerados esenciais para a vida do campus e para a atención á comunidade universitaria. Ao seu xuízo, non se trata unicamente de abrir un inmoble, senón de recuperar funcionalidade, proximidade e capacidade de resposta institucional.

A reitora reivindicou o Campus de Lugo como unha infraestrutura de grande potencial estratéxico, ligada ao territorio e cun papel relevante no desenvolvemento económico, social e cultural da provincia. Tamén puxo en valor a singularidade dun campus especializado con capacidade para xerar coñecemento útil, innovación e oportunidades. Neste contexto, destacou o papel de Campus Terra, que definiu como unha ferramenta clave para a proxección e mellora da actividade universitaria, así como un exemplo de como a universidade pública pode contribuír ao progreso mediante investigación, transferencia e colaboración co tecido social e produtivo.

A Federación ASPACE escolleu ao finalista de Lugo do concurso de cociña

O Mercado de Abastos de Lugo foi escenario dunha nova semifinal do IX Concurso de Cociña "En ASPACE cociñamos xuntos", unha iniciativa da Federación ASPACE Galicia que converte a gastronomía nun espazo de participación, creatividade e inclusión. Durante a xornada, oito equipos formados por persoas con parálise cerebral de ASPACE Lugo asumiron un reto común: elaborar propostas culinarias co Queixo Teto como ingrediente principal. A partir deste produto emblemático de Galicia, os participantes desenvolveron receitas que combinaron técnica, imaxinación e capacidade de adaptación.

Máis aló do resultado final, o ambiente estivo marcado pola implicación, o traballo en equipo e a ilusión de cada un dos participantes, que demostraron que a cociña pode ser tamén unha ferramenta de expresión e desenvolvemento privado.



O xurado, composto por profesionais de referencia do ámbito gastronómico, foi o encargado de valorar cada unha das elaboracións. Estivo formado por Alejandro Méndez, Alejandro Ares, e Juan Rubiños.

A súa deliberación non foi sinxela, dado o nivel das propostas presentadas. Finalmente, o equipo gañador foi: Mellor prato tradicional: Roberto Camba Ri-

fón, Jorge Baldovi Martín e Noa Lombao Veiga; logrando así o seu pase á gran final do concurso, que se celebrará o 19 de maio no Pazo Os Escudos en Vigo. Alén dos premios principais, a organización quixo recoñecer o esforzo do conxunto de participantes, destacando valores como a creatividade, a actitude ou a coordinación durante o proceso de elaboración.



“O máis importante é tratar aos clientes como se fosen da casa”

Falamos con Manuel Tomé Besada, xerente do negocio Novostylo, e con Beatriz Prado e Susana Corujo, empregadas do novo negocio de mobles

Novostylo é unha firma de mobles ao estilo tradicional, que aposta pola calidade dos seus produtos e o contacto próximo e directo cos seus clientes. Xorde da man de Manuel Tomé Basada, cunha ampla experiencia no sector ao medrar nunha familia dedicada á fabricación de mobles, el dedícase á arte da venda a través dun equipo de persoas experimentado, o que el define como “o máis importante das tendas”.

Así, di que “o primeiro que fago antes de abrir unha tenda nun sitio é tratar coas persoas que van estar aí, polo que busco persoas que teñan coñecementos e experiencia no sector do moble”.

En Lugo, a tenda de arredor de 750 metros cadrados atópase en Ronda da Muralla 50 e abre de luns a sábado en horario de 10:00 a 13:30 horas e de 17:00 a 20:30 horas. Alí, o espazo chama a atención por unha delicada

e cuidada decoración que, como explica Manuel, “acompaña os mobles”. O xerente explica que “dedicamos moito tempo a analizar o espazo e co noso equipo de decoración, que deixou o espazo moi bonito, o que tamén axuda a que a xente decida se comprar ou non un moble”; deixando claro que os detalles importan.

Novostylo ofrece todo o necesario para amoblar e decorar unha vivenda, agás baños. Así, ofrece mobles e decoración para dormitorios, incluídos os colchóns e tamén fan armarios a medida, ofrecen elementos para salas, salóns, auxiliares, mobles de cociña, de oficina, para zonas de descanso... Pero o máis importante, defenden Beatriz Prado e Susana Corujo, empregadas de Novostylo en Lugo e con máis de 25 anos de experiencia no sector, é “o asesoramento ao cliente, xa que ademais de vender mobles, deseñamos como quedaría nunha habitación, así como deseñamos habitacións e pisos enteiros, facilitando a



vida do cliente. Por iso, tratamos aos clientes como se fosen da casa, fomentando un contacto directo desde o primeiro momento para xerar un clima de confianza coa persoa que vai percorrer este camiño con nós, que comeza coa elección, continúa co deseño, a venda e remata coa instalación na vivenda, da que tamén nos encargamos. Podemos levar os mobles practicamente a calquera punto de Galicia ademais de contar con tendas por toda a xeografía galega”, destacan.

Así, valoran moi positivamente este primeiro mes á fronte da tenda, que tivo un “grande éxito. Moitas persoas achegáronse a dicirnos que facía falta unha tenda así en Lugo e a verdade é que tivemos moitas vendas, estamos moi orgullosas e contentas”.

Con respecto ao futuro, Manuel Tomé lamenta que unha tenda destas características non “vaia ter relevo xeracional”, xa que ve como custa atopar xente formada neste campo, que queiran traballar en comercio, así como carpinteiros que se dediquen ao reparto de mobles, pero polo de agora pon en valor o equipo de persoas que traballan nos distintos establecementos que ten repartidos por Galicia. O xerente, cunha gran ambición pero asentada nos valores e na tradición, aposta por persoas de mediana idade con formación e sobre todo experiencia, factores que promoveron que Novostylo acadara o recoñecemento como empresa Gacela do indicador económico Ardán, elaborado polo Consorcio da Zona Franca de Vigo.



A segunda edición de “Diez Razones” será o 15 de maio no Círculo das Artes

O venres 15 de maio, o Círculo das Artes de Lugo será o escenario da segunda edición de ‘Diez Razones’, unha cita que combina gastronomía e solidariedade cun marcado carácter benéfico.

O evento, que se celebrará ás 21:00 horas, reunirá a persoas comprometidas cunha causa social que nesta ocasión centrará os seus esforzos en iniciativas vinculadas á saúde e ao benestar.

Toda a recadación obtida destinarase ao proxecto “Murallalândia”, un

proxecto para a creación dun parque infantil na zona de Pediatría do Hospital Universitario Lucus Augusti impulsado pola Área de Humanización do HULA, que traballa na creación dun espazo lúdico e de aprendizaxe situado nun recinto exterior xunto á ala de Pediatría, cuberto e con elementos de xogo inspirados na Muralla e no patrimonio cultural da cidade. Trátase dunha zona concibida para favorecer a recuperación física e emocional dos nenos e nenas hospitalizados, reforzar o vínculo

co a cultura local e impulsar un modelo de atención humanizada, inclusiva e sostible; así como á iniciativa “Menos soidade, máis vida” de Alume Saúde Mental, orientada a mellorar a calidade de vida das persoas a través do acompañamento e a intervención social.

A gala propón unha experiencia na que a alta gastronomía serve como vehículo para fomentar a solidariedade, reunindo a profesionais e asistentes arredor dunha causa común. Ademais, o evento este ano suma a



participación do actor e humorista Xosé Antonio Touriñán. O presentador será o Mago Rafa e haberá música en directo co grupo Los Hijos de la Vecina e o centro Glissando.

A cita reunirá 16 cocifeiros de Lugo

e doutras provincias, que suman oito soles Repsol. Os promotores destacaron que será a primeira vez que un acto destas características congregate a cocifeiros das cinco asociacións galegas.

j.m.rivas
ACADEMIA

DEL 18 DE MAYO AL 1 DE JUNIO

CURSO INTENSIVO DE PAU 2026

Antigua Selectividad

Premios para los alumnos

- 1 Tablet Lenovo para la mejor nota de PAU
- Sorteo de otra Tablet Lenovo entre los matriculados

Medinformática
NUEVA DIRECCIÓN

RÚA SANTIAGO 1, BAJO C (FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO
T.982 254 813 - 982 241 401 / www.medinformatica.es

- SIMULACROS DE EXAMEN DIARIOS ADAPTADOS AL NUEVO MODELO PAU
- SOLUCIÓN DE CADA SIMULACRO
- PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA ASIGNATURA
- ATENCIÓN INDIVIDUAL Y PERSONALIZADA

ENTRENA EL EXAMEN ANTES DE HACERLO

En Academia J.M. Rivas te preparamos para la PAU con un método práctico basado en simulacros reales de examen y seguimiento personalizado

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

jmrivas.es

O Concello de Lugo inaugurou un busto de homenaxe á exrexedora



A Praza Maior de Lugo loce unha escultura en homenaxe á exalcaldesa Paula Alvarellos, que foi descuberta nun acto presidido polo anterior alcalde, Miguel Fernández.

A peza, realizada en bronce polo artista Miguel Couto, foi presentada como recoñecemento á traxectoria e contribución de Alvarellos á cidade. O acto celebrouse nunha data acordada previamente coa familia, coincidindo co Día dos Traballadores.

A escultura quedou instalada de forma provisional na parte traseira

da Praza Maior, á espera do seu traslado definitivo a un dos xardíns do Parque Rosalía de Castro, un espazo vinculado especialmente á exalcaldesa e considerado un dos enclaves máis emblemáticos da cidade.

Durante a cerimonia realizáronse intervencións breves, entre elas a de familiares de Alvarellos, así como a lectura dun poema na súa memoria. O acto concluíu coa interpretación das cancións *Imagine*, de John Lennon, e *The long and winding road*, de The Beatles.

O BNG de Lugo leva a campaña 'Pronúnciate' aos xulgados

O BNG de Lugo levou a súa campaña 'Pronúnciate' ata as portas dos xulgados da cidade nun acto simbólico co que busca visibilizar e defender o dereito da cidadanía a recuperar os seus nomes e apelidos en galego, ao tempo que fai un chamamento á mobilización social en favor da lingua. A iniciativa, impulsada polo Bloque Nacionalista Galego, pretende promover a galeguización da onomástica como unha forma de reparar unha "inxustiza histórica" derivada da castellanización imposta e avanzar no proceso de normalización lingüística.

Neste contexto, militantes e cargos públicos trasladáronse aos xulgados de Lugo para reivindicar que o procedemento de cambio de nomes e apelidos a través do Rexistro Civil debe ser coñecido, accesible e asumido con normalidade pola sociedade.

O portavoz do BNG en Lugo, Rubén Arroxo, sinalou que recuperar os apelidos orixinais é "un



acto de xustiza" coa lingua e coa memoria, e animou a realizar este trámite ao ser un proceso "sinxelo".

Na mesma liña, o militante Xavier destacou que se trata dun "xesto de compromiso coa lingua" e subliñou que pode completarse en poucos días ou mesmo en minutos por vía dixital.

Pola súa parte, Maite Ferreiro apelou á recuperación da identidade e lembrou que ela mesma xa galeguizou o seu

nome, defendendo "non dar nin un paso atrás" na dignificación dos nomes en galego para as novas xeracións.

Baixo o lema 'Pronúnciate! Con nome e apelidos en galego', o BNG anima á veciñanza a galeguizar a súa identidade oficial como expresión de compromiso coa lingua e coa identidade colectiva, combinando accións informativas, mobilización social e reivindicación institucional.

Enrique Rozas recibe o Mérito deportivo da Xunta de Galicia 2025

O lucense Enrique Rozas foi recoñecido co Mérito deportivo da Xunta de Galicia correspondente ao ano 2025 nunha gala presidida polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, na que se distinguiu a 51 persoas e entidades vinculadas ao deporte galego polas súas traxectorias, logros ou contribucións ao des-

envolvemento do sector.

Durante o acto púxose en valor o momento de expansión que atravesamos no deporte na comunidade, así como o seu crecente impacto social, económico e territorial. A cerimonia serviu para destacar o labor de deportistas, directivos, clubs e persoas vencelladas a diferentes

disciplinas que contribuíron ao fortalecemento do tecido deportivo galego.

Tras recibir o galardón, Enrique Rozas quixo agradecer o apoio recibido neste día especial e tivo unha mención destacada para Manolo Cadramón, a quen sinalou como a persoa que o propuxo para este recoñecemento.

Rozas estivo sempre ligado ao deporte ao longo da súa vida. Practicou fútbol e baloncesto, aínda que a súa maior dedicación chegou no ámbito arbitral do baloncesto, disciplina na que incluso alcanzou a Presidencia do colexio lucense de árbitros. Ademais da súa vinculación deportiva, tamén desenvolveu unha ampla traxectoria política, con 30 anos de dedicación á vida municipal. Nesa etapa participou na posta en marcha do primeiro padroado de deportes da cidade co Partido Popular.

En 2019 decidiu deixar a súa acta de concelleiro, aínda que posteriormente regresou á corporación municipal ao incorporarse á candidatura encabezada por Elena Candia. Finalmente, en 2024 renunciou de novo á súa acta por motivos persoais.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com




Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

O MODELO DE RESIDENCIAS DA DEPUTACIÓN

Proximidade, atención personalizada e calidade asistencial definen o modelo de residencias da Deputación de Lugo

A institución provincial ten a día de hoxe 9 residencias en funcionamento nas que os usuarios e usuarias reciben un coidado integral, adaptado as súas necesidades e orientado a fomentar o seu pleno benestar

A política social é unha das liñas que vertebra a acción da Deputación de Lugo, un eixo que desde o ano 2019 se veu aínda máis reforzado coa posta en marcha dos tres primeiros Centros de Atención a Maiores da institución provincial, situados en Trabada, Pol e Ribadeo. En apenas catro anos puxéronse en marcha outros seis en Fonsagrada, Castroverde, Meira, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna e Ribas de Sil, consolidando así un modelo único, pioneiro e público. A día de hoxe, a rede de Centros de Atención a Maiores continúa en expansión coas residencias da Becerreá, Pobra do Brollón, Guitiriz e A Pontenova, que se atopan en fase de construción, das 18 que compoñen o total do proxecto. Neste sentido, a Deputación de Lugo conseguiu afianzar un modelo que non só é punteiro para a provincia de Lugo, senón que tamén o é para toda a comunidade galega. Esa singularidade vén dada pola aposta de residencias de pequeno tamaño, na que prima un sistema público, próximo e de calidade que pon por diante o benestar social e a dignidade persoal.

ENVELLECIMENTO ACTIVO E ATENCIÓN PERSONALIZADA. A atención que se ofrece nestes centros é multidisciplinar, individualizada e responde ás necesidades físicas, funcionais, cognitivas e sociais dos preto de 300



usuarios e usuarias que actualmente viven nas residencias. Existe unha ampla programación de actividades orientadas a promover o envellecemento activo e o seu benestar na que se inclúen obradoiros de estimulación cognitiva, actividades físicas adaptadas ou propostas culturais e de lecer. Todo isto contribúe a mellorar a autonomía persoal, reforzar

as relacións sociais e crear un ambiente dinámico e acoledor no día a día dos centros. Configúranse así residencias centradas nas persoas, que garanten un acceso xusto e en igualdade de condicións. De feito, todas elas están situadas en concellos de menos de 20.000 habitantes, favorecendo así a permanencia no entorno máis

próximo, evitando o desarraigo territorial e emocional e promovendo un entorno agradable e familiar. En definitiva, este é un pioneiro modelo que a institución provincial puxo en marcha en solitario para dar resposta ao reto demográfico, garantir uns coidados de calidade e asegurar o benestar das persoas maiores vivan onde vivan.



“Para estar incluídos, precisamos que nos entendan”

Iria Abel, presidenta e traballadora social de Dano Cerebral Lugo, explica o labor que se leva a cabo en favor da inclusión de persoas con DCA

Jessica Fernández

Dano Cerebral Lugo é unha asociación sen ánimo de lucro integrada por persoas afectadas de dano cerebral adquirido (DCA), así como polas súas familias e outras persoas colaboradoras. Nace en 2006 pola iniciativa dun grupo de persoas, familiares de persoas con dano cerebral adquirido, que se atopaban nunha situación na que non dispoñían de recursos nin de alternativas para atender aos seus familiares. Tal e como explica Iria Abel Parga, directora e traballadora social de Dano Cerebral Lugo, “ao principio tratábase dun grupo de familiares, maioritariamente mulleres, que se xuntaban para compartir a súa situación.

A partir desas reunións comezaron a poñer enriba da mesa os problemas que detectaban e as necesidades que ían xurdindo, en contacto con profesionais e coa Administración, xa que neses primeiros momentos contaron co apoio de profesionais doutras asociacións e do ámbito hospitalario, que os acompañaron no inicio do proxecto. A partir de aí, comezaron a organizar reunións entre persoas que compartían a mesma situación, creando pouco a pouco un espazo de encontro. Máis adiante, deron o paso de contar cun local onde poder reunirse, e así foi como, con moito traballo e esforzo, se foi configurando a asociación de maneira progresiva. Se botamos a vista atrás, dámonos conta de todo o que se conseguiu. Aínda que seguimos sendo unha asociación pequena, acadáronse moitas cousas”, destaca.

Na actualidade, contan cun local social ao que poden acudir as persoas afectadas, asociarse e participar nas distintas actividades. Tamén dispoñen dun centro de día terapéutico de media estancia, con prazas financiadas dentro da rede existente en Galicia, ademais doutras iniciativas orientadas especificamente ás persoas con dano cerebral. A entidade desenvolve, ademais, un importante labor de formación e sensibilización, tanto a nivel social como en ámbitos como os centros educativos, os centros sociais ou os centros de saúde. O obxectivo é achegar máis información sobre o dano cerebral adquirido, dar a coñecer que implica esta realidade e como se pode axudar ás persoas que



a padecen. Outro dos obxectivos é a promoción da acollida, información, orientación e asesoramento ás persoas afectadas e ás súas familias; así como a sensibilización das administracións públicas e da sociedade en xeral sobre a realidade do dano cerebral e o seu impacto.

A asociación traballa tamén na defensa dos dereitos das persoas afectadas, fomentando a súa rehabilitación, inclusión, normalización social e a mellora da súa calidade de vida. Ademais, impulsa e reivindica a existencia de servizos sanitarios, asistenciais, educativos, laborais, residenciais, sociais e de lecer adecuados para cubrir as súas necesidades. E outro dos seus eixos fundamentais é a cooperación con outras institucións, entidades e profesionais relacionados co dano cerebral adquirido, así como a promoción da integración social, educativa e laboral das persoas afectadas.

O TRABALLO. Dano Cerebral Lugo traballa a diario con persoas afectadas por dano cerebral adquirido e coas súas familias, ofrecendo apoio e recursos nun ámbito marcado pola complexidade desta realidade. Tal e como explica a directora da entidade, Iria Abel, o dano cerebral adquirido “é unha lesión que se produce de forma repentina nunha parte do cerebro, e que supón unhas secuelas”. As causas poden ser diversas, aínda que destaca que “as causas

máis comúns do dano cerebral adquirido son os ictus, pero tamén poden ser traumatismos encefálicos, tumores cerebrais, algunha enfermidade rara...”. Esa diversidade tamén se reflicte nas consecuencias: “O dano cerebral adquirido engloba secuelas físicas, cognitivas, sensoriais, de comunicación, de comportamento...”. Neste sentido, subliña que cada caso é diferente, xa que “hai unha persoa que pode ter afectadas todas esas áreas ou só físicas ou só cognitivas”, polo que insiste en que “nunca hai dous danos cerebrais adquiridos iguais”.

Dano Cerebral Lugo desenvolve actividades de rehabilitación e ocio dirixidas ás persoas socias afectadas, ás súas familias e cuidadores, así como ao conxunto de persoas colaboradoras. Do mesmo xeito, ofrece orientación e apoio ás familias que o precisan, contribuíndo a mellorar a súa calidade de vida mediante iniciativas adaptadas ás súas demandas. E tamén atende as necesidades cotiás das persoas que acoden á asociación, realizando as xestións necesarias para favorecer o seu benestar e facilitar a súa atención integral.

A asociación leva a cabo numerosas accións formativas, moitas delas dirixidas ao propio equipo profesional, que está composto por dous traballadores sociais, educador social, terapeuta ocupacional, logopeda, psicólogo, fisioterapeuta e dúas auxiliares de enfermaría. Estas accións es-

tán orientadas principalmente ás persoas afectadas e ás súas familias, aínda que tamén se promoven outras formacións máis xerais. Tal e como explica Iria, “as persoas afectadas, incluso tamén as familias, facemos outro tipo de formación, a mellor brecha dixital para adaptar-

nos tamén aos tempos”, sempre en función das necesidades que van aparecendo.

SENSIBILIZACIÓN. A entidade tamén realiza un importante labor de sensibilización en centros educativos. “Nos colexios, nos institutos, facemos ese traballo de sensibilización, porque a nós parécenos fundamental que os nenos e os adolescentes coñezan o dano cerebral adquirido”, declara, xa que en moitos casos conviven con persoas afectadas. Neste sentido, desde a asociación insisten en que “é importante que todo o mundo saiba o que lles pasa ás persoas con dano cerebral, como axudalas, como enténdelas”. Un enfoque que conecta directamente co seu principal obxectivo: “Nós sempre traballamos pola inclusión, porque ao final formamos parte da sociedade”, polo que conclúen que “para que poidamos estar plenamente incluídos necesitamos que a sociedade nos entenda e nos comprenda”.

NECESIDADES E FUTURO. En canto ao funcionamento da entidade, a asociación atende arredor de 60 persoas ao mes que recibe diferentes servizos: “Xente de atención dentro do día, de media estancia, xente que vén a talleres, xente que vén a formacións...”. Ademais, apunta que moitas actividades teñen que desenvolverse fóra do local “porque non temos cabida”. Así, indica que “o local a

día de hoxe ofrece diferentes servizos, pero a demanda que temos é moito maior do que nos permite ofrecer este local”. Por iso, considera necesario medrar, aínda que subliña que para iso será imprescindible contar con máis financiamento. A entidade sostense fundamentalmente a través de axudas públicas. “Temos subvencións tanto da Deputación de Lugo, como do Concello de Lugo, da Xunta de Galicia, a través de diferentes programas, e tamén temos as cotas que pagan as persoas asociadas e doazóns que temos tamén puntuais”, sinala. Con todo, recoñece as dificultades do sector. “Os fondos nunca chegan. Sempre as asociacións do terceiro sector imos xustos en canto a financiamento”, explica, lembrando que moitos dos recursos que ofrecen non están cubertos por outros servizos e deben saír adiante con medios limitados.

Con respecto ao futuro, a entidade aspira a poder contar cun centro máis amplo que permita atender a máis persoas e dar resposta ás novas necesidades que van xurdindo co paso do tempo. Tal e como explican desde a organización, “poder ter un centro, poder atender a máis

A entidade aspira a poder contar cun centro máis amplo que permita atender a máis persoas e dar resposta ás novas necesidades que van xurdindo co paso do tempo

persoas, sobre todo dar recursos ou dar resposta a necesidades que están xurdindo” son os obxectivos principais. Pero tamén é avanzar na incorporación laboral das persoas afectadas, aínda que a directora recoñece que na actualidade aínda non poden traballar nesa liña con toda a intensidade desexada debido ás limitacións de espazo e persoal. De cara ao futuro, o obxectivo é claro: “en 20 anos, queremos poder ter un centro máis grande, poder ofrecer máis recursos, dar máis resposta, sobre todo seguir traballando na parte de sensibilización e de prevención”, unha liña que consideran fundamental para mellorar a atención e a calidade de vida das persoas afectadas.

Programan case 20 actividades polo Arde Lvcvs Cvltvral

O programa Arde Lvcvs Cvltvral impulsado polo Concello de Lugo reunirá preto de 20 actividades co gallo do 25 aniversario desta celebración, cunha proposta que abrangue cultura, historia, patrimonio, deporte, lecer e turismo. Así o explicou o concelleiro Jorge Bustos, quen destacou a implicación de clubs deportivos, asociacións de recreación histórica e do Servizo Municipal de Arqueoloxía para desenvolver un programa paralelo aos actos centrais da festa, que terá lugar entre o 18 e o 21 de xuño.

Esta programación xa botou a andar no mes de abril coa celebración da Asemblea Nacional da Asociación Española de Festas e Recreacións Históricas, acompañada dun desfile polo centro urbano e de obradoiros de EcoPercusión impartidos nos centros educativos, que culminarán o 19 de xuño cunha actuación na Praza da Soidade.

A vertente histórica e patrimonial terá un papel destacado, con propostas como a exposición dunha maqueta de Lvcvs Avgvsti a escala, visitas guiadas polos espazos vinculados á festa ou a celebración do oitavo Congreso Internacional da Sociedade de Estudos da Cerámica Antiga en Hispania. Tamén se inclúe a tradicional conta atrás do Arde



Lvcvs, prevista para o 30 de maio na Mosqueira. No ámbito do deporte, o Arde Lvcvs aparecerá no partido entre o Club Baloncesto Breogán e o Bàsquet Girona o 16 de maio no Pazo. Ademais, o Breogán presentará unha camisola conmemorativa polo 25 aniversario da festa.

A programación inclúe actividades como a exposición sobre os 25 anos do Arde Lvcvs durante os meses de maio e xuño, a ruta pétreo por Adai o 9 de maio, a final dos xogos romanos de taboleiro o 16 de maio ou un obradoiro de traxes castrexos e romanos os días 6 e 13 de xuño.

A actividade "Aqua Sacra et Viva" abordará a viaxe da auga desde o manancial ata as termas romanas o 28 de maio; unha visita guiada

ao patrimonio do Arde Lvcvs o 5 de xuño; e a celebración do congreso internacional de cerámica antiga o 12 de xuño no Vello Cárcere.

Na semana previa á festa, desenvolveranse iniciativas como o "Annus Argentus", un *escape room* interactivo na Praza Maior entre os días 15 e 17 de xuño, a presentación dunha escultura conmemorativa o 15 de xuño e a actividade "Os sons do Arde Lvcvs. Eco percusión" o 19 de xuño na Praza de Santa María.

O programa complétase coa exposición "Lucus Augusti a escala", que se poderá visitar entre o 15 de maio e o 15 de xuño, reforzando unha oferta que pretende consolidar o Arde Lvcvs como un referente cultural máis alá dos días da festa.

O ciclo Amal en Ruta chega cunha edición centrada en Palestina



A sede da Deputación de Lugo converterase durante os meses de maio e xuño nun espazo de reflexión arredor da situación do pobo palestino coa celebración dunha nova edición do ciclo de cinema euroárabe Amal en Ruta. A iniciativa, que regresa á cidade en 2026, desenvolverase a través de varias sesións abertas ao público no Salón de Actos da institución provincial.

A responsable provincial contextualizou esta proposta nun escenario internacional marcado polo conflito e o impacto sobre a poboación civil, defendendo o papel da cultura como vía para escoitar diferentes voces e interpretar o que acontece desde o respecto aos dereitos humanos, a dignidade e a paz.

Baixo o lema 'Todas somos Palestina. Unha ollada a través do cine', o ciclo estrutúrase en torno a cinco eixos clave para entender a realidade palestina, como Gaza, a Nakba, a ocupación, o exilio e as mobilizacións sociais. A programación inclúe cinco filmes —tres longametraxes e dous documentais— que

ofrecen unha visión comprometida sobre a identidade, a resistencia e a vida cotiá do pobo palestino.

As proxeccións celebraranse os días 5, 12, 19 e 26 de maio, así como o 2 de xuño. O ciclo abrirase con *This is Gaza*, de Tom Besley, unha obra que aborda o conflito entre Israel e Hamás desde a perspectiva do cineasta palestino Yousef Hammash. A continuación, o 12 de maio, proxectarase *Jenin, Jenin*, de Mohammed Bakri, que revisita o campo de refuxiados tras máis de vinte anos.

O 19 de maio será a quenda de *The Time that Remains*, de Elia Suleiman, unha proposta que combina humor e crítica para retratar a vida baixo ocupación. Posteriormente, o 26 de maio, exhibirase *Notes on Displacement*, de Khaled Jarrar, centrada no percorrido dunha muller palestina cara Europa. O ciclo concluirá o 2 de xuño con *The Encampments*, de Kei Pritsker, que documenta as protestas estudiantís en apoio a Palestina iniciadas en 2024 na Universidade de Columbia.

O Auditorio Fuxan Os Ventos acollerá a estrea de 'As rúas do vento ceibe'

O Auditorio Fuxan Os Ventos acollerá o vindeiro 15 de maio ás 20.30 horas o concerto 'As rúas do vento ceibe', unha proposta cultural de grande formato e entrada de balde que reunirá oito corais galegas e a Orquestra Sinfónica de Pontevedra arredor de textos de Manuel María, Rosalía de Castro e Celso Emilio Ferreiro. O concerto supón a estrea dun proxecto impulsado pola Fundación Manuel María, que encargou ao compositor Carlos Seráns a creación musical a partir dos poemas de 'As rúas do vento ceibe'. A iniciativa foi medrando ata configurar un repertorio de trece pezas, das cales once están baseadas en textos de Manuel María e as dúas restantes en versos de Rosalía e Celso Emilio Ferreiro.

A interpretación reunirá as voces de oito formacións corais: Coro do Hospital de Lugo, Coro Voces da Terra Chá, Coro Liceo de Vilagarcía, Coral Solfa de Compostela, Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra, Coro



do IES A Xunqueira, Peque Coro in crescendo do Conservatorio Profesional de Música de Ferrol e o Coro de Cámara Thalassa de Marín, acompañadas pola Orquestra Sinfónica de Pontevedra baixo a dirección de David Fiuzá.

Na presentación do evento destacou o carácter excepcional dun espectáculo cualificado como "único" e "inédito", que reunirá no escenario

máis de 300 persoas e no que se estrearán a maioría das composicións. A presidenta da Asociación Cultural Solfa, Lucía Carreira, destacou a emoción das formacións participantes, e o presidente da Fundación Manuel María, Alberte Ansedé, subliñou que Lugo será a primeira parada dun itinerario que continuará en Pontevedra o 29 de maio e en Santiago de Compostela o 30 de maio.

O futuro da lingua galega, nunha exposición de imaxes

A Praza de San Marcos acolle ata o 15 de maio a mostra fotográfica 'A lingua do futuro. O futuro da lingua', unha proposta artística da fotógrafa e mestra Alba Díaz que sitúa no centro a unha xeración de nenas e nenos que, malia o contexto de deterioro do galego, continúan empregando maioritariamente a súa lingua materna.

A colección está composta por unha vintena de imaxes que combinan retratos en branco e negro con elementos simbólicos, entre os que destacan referencias a can-

tantes, músicas e escritoras representativas, así como palabras vinculadas ao afecto, á natureza ou a fenómenos atmosféricos.

A inauguración serviu como convite á reflexión colectiva arredor da situación actual da lingua galega e contou coa música de Laura LaMontagne e a recitación de versos por parte de Antía Otero.

A exposición, instalada a pé de rúa, reforza o seu carácter divulgativo e accesible, co obxectivo de favorecer a súa difusión entre a cidadanía.

Lugo celebra o Día dos Museos cun concerto na Caixa Negra do MIHL



A Asociación Cultural Tele-Clube de Lugo e a anterior Tenencia de Alcaldía do Concello de Lugo organizaron un concerto polo Día dos Museos, que se celebra o 18 de maio ás 18:00 horas da banda TRASPIELAS na Caixa Negra do MIHL.

A exconcelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, afirmou que “celebramos unha xornada importante nas salas museísticas municipais abrindoas á veciñanza e achegando a Lugo propostas culturais de gran calidade procedentes de Galicia”.

Ferreiro animou á veciñanza a participar na actividade, que será gratuíta, e sostivo que “as distintas salas museísticas permítenos cofecer a historia de Lugo, desde a época romana ata os nosos días, e son un gran atractivo tanto para as veciñas e veciños de Lugo como para os miles de turistas que ano tras ano visitan estas instalacións”.

Traspielas é un proxecto musical e artístico liderado por Su Garrido Pombo, que celebra a memoria colectiva da aldea de Traspielas, en Fornelos de Montes. O grupo, inte-

grado tamén por Macarena Montesinos (violonchelo), Iago Ramilo (saxo), Marco Maril (electrónica) e Fran Rodríguez Casal (visuais), combina música tradicional, electrónica e experimentación para reinterpretar cancións tradicionais e crear unha proposta contemporánea que pon en valor a cultura popular local. O proxecto busca preservar e revitalizar a música tradicional, permitindo que estas cancións sigan vivas e formando parte da vida comunitaria. As cancións son revisitadas con novos arranxos e acompañadas de audiovisuais, textos e escenografías creadas a partir da escoita da memoria local, establecendo un diálogo entre pasado, presente e futuro. O proxecto céntrase en reinterpretar 11 pezas tradicionais recollidas na aldea —xotas, muiñeiras, cantos de berce, romances— dende unha perspectiva multidisciplinar e contemporánea.

Este é o terceiro ano que Tele-Clube colabora co concello de Lugo no deseño de algunha actividade para a promoción dos museos da cidade de Lugo nesta data.

O Vello Cárcere acolle a exposición ‘O río que nos move’

A Asociación Cultural 40 anos do descenso do Miño expón a mostra fotográfica ‘O río que nos move. En canoa polos 317 km do pai Miño’, no Vello Cárcere ata o 30 de maio.

A mostra reúne unha escolma de fotografías dunha aventura protagonizada en 1985 por cinco mozos do Baixo Miño, que decidiron explorar o río desde dentro. Para iso construíron as súas propias canoas e emprenderon unha viaxe que remataría converténdose na primeira baixada completa do Miño e, probablemente, tamén na única ata o momento. Esta experiencia serve agora como punto de partida dun proxecto expositivo que percorre-

rá oito concellos relevantes entre abril e novembro de 2026.

O río Miño, considerado moito máis ca un simple curso de auga, nace na serra de Meira e percorre 317 quilómetros ata desembocar no océano Atlántico ao pé do monte Trega. Ao longo do seu traxecto atravesaba boa parte de Galicia, modelando paisaxes e contribuíndo ao desenvolvemento da vida, da economía e das tradicións. Pola súa relevancia e presenza no territorio, os primeiros galeguistas chegaron a identificalo como un símbolo, ao que denominaron Pai Miño, unha gran ruta aínda por descubrir no contexto actual.

O Vello Cárcere poderá ser considerado Lugar de Memoria Democrática

O Goberno de España inicia o procedemento para declarar O Vello Cárcere de Lugo como Lugar de Memoria Democrática, coa publicación da incoación do expediente no Boletín Oficial do Estado prevista para ese mesmo mes. Así o anunciaron o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, e o exalcalde de Lugo, Miguel Fernández, durante unha visita ao inmoble, na que tamén participou a subdelegada do Goberno na provincia, Olimpia López.

Pedro Blanco cualificou este paso como “un avance decisivo” e sinalou que a declaración supón “un acto de xustiza, de reparación e de dignidade”, reafirmando o compromiso institucional coa memoria das vítimas da represión. Lembrou ademais que en Galicia xa existen tres Lugares de Memoria Democrática recoñecidos —o Pazo de Meirás, as Illas de San Simón e San Antón e a cidade de Ferrol— aos que se sumará proximamente O Vello Cárcere de Lugo.

O delegado puxo en valor o respecto do Ministerio polo significado histórico do edificio, que foi un dos principais espazos de represión política en Galicia durante a Guerra Civil e a posguerra, polo que pasaron arredor de 5.000 persoas entre 1936 e 1940, e no que se viviron situacións de extrema dureza, con



persecución, torturas e condicións inhumanas. Subliñou a importancia de preservar esta memoria e de transmitila ás novas xeracións para evitar o esquecemento e a banalización dos feitos.

Blanco tamén destacou a transformación do inmoble, que pasou de ser un símbolo de represión a converterse nun espazo cultural aberto á cidadanía, centrado na difusión de valores democráticos desde unha perspectiva pedagóxica. Ademais, enmarcou este anuncio no cumprimento de compromisos do Goberno con Lugo, citando investimentos como os 9 millóns de euros destinados á nova comisaría da Policía Nacional, os avances na intermodal ou a mellora das conexións ferroviarias.

Pola súa banda, o exalcalde de

Lugo, Miguel Fernández, salientou que este anuncio supón “un paso fundamental para seguir dignificando un espazo que fala da nosa historia e do compromiso de Lugo cos valores democráticos”, destacando o traballo do Concello na recuperación e posta en valor do edificio. Subliñou tamén a súa transformación nun centro cultural vivo, aberto á cidadanía e orientado á reflexión crítica sobre o pasado.

Ambos coincidiron en resaltar a importancia da colaboración institucional. Pedro Blanco afirmou que “cando hai diálogo e cooperación, os proxectos avanza”, ao tempo que puxo en valor o compromiso do Goberno de España con Lugo e a súa aposta por unha forma de facer política discreta, constante e con resultados.

O programa ‘Teatro do Barrio’ rematará con tres representacións

O programa municipal Teatro do Barrio porá o broche final ao curso con tres representacións teatrais a cargo dos grupos participantes nesta iniciativa, centrada en promover actividades inclusivas e interxeracionais. As funcións desenvolveranse os días 27 de maio e 2 e 4 de xuño, todas elas ás 19.00 horas. As dúas primeiras terán lugar no centro de Fingoi, mentres que a última se celebrará no centro Uxío Novoneyra, con entrada libre e gratuíta ata completar aforo.

A anterior área de Cohesión Social do Concello de Lugo impulsou as representacións como peche da actividade na que este curso participaron tres grupos de teatro aficionado, formados por arredor de 15 persoas cada un nos centros de convivencia da Milagrosa, Fingoi e Uxío Novoneyra. Foron os propios integrantes quen decidiron organizar estas funcións finais, como culminación do traballo desenvolvido ao longo do ano.



A primeira cita será o 27 de maio, co grupo da Milagrosa, que representará Bon Será no centro social de Fingoi. O 2 de xuño será a quenda do grupo de Fingoi, coa obra Pintando cousas, inspirada en Cousas de Castela. A última función, o 4 de xuño, correrá a cargo do grupo do Uxío Novoneyra, no seu propio centro de convivencia.

O Teatro do Barrio retomouse

dentro da programación sociocultural 2025-2026 do Concello, que incluíu arredor de 30 propostas orientadas a fomentar a participación cidadá. A actividade destacou pola diversidade dos seus participantes, con presenza de persoas mozas, adultas, maiores e tamén con discapacidade intelectual, consolidándose como unha experiencia de integración e convivencia a través do teatro.

“Actuar na Praza Santa María foi un soño cumprido”

Adrián Méndez é musicólogo, membro de De Ninghures, escritor do libro ‘O violín que trae o vento’ e parte da equipa audiovisual de ‘360 Curvas’

Jessica Fernández

Como nace a súa devoción pola cultura?

Esta paixón pola cultura nace vinculada aos meus pais, sobre todo ao meu pai, porque é un apaixonado das músicas tradicionais. Eu, dende pequeno, sempre escoitei figuras como Florencio e os Gaiteiros da Fonsagrada. As miñas avoas eran bailadoras, e así funme nutrido de todo iso que me chegaba, directa ou indirectamente, de toda esta xente: do meu pai, dos veciños, da miña avoa e de todo o que me rodeaba. Sen querer, ía absorbindo esa cultura, e anos despois puideron afondar un pouco máis na nosa tradición e estudar musicoloxía, o que me dá un punto de apoio para poder levar a cabo outras iniciativas.

Cales son as orixes de De Ninghures?

Eu nese momento estaba estudando a carreira e, nun principio, eramos máis de sete. O grupo nace na zona da Fonsagrada, con rapaces de Bergantiños, da área de Compostela e da propia Fonsagrada. Xurdiu como un grupo de cantos de taberna e comecemos así. Co tempo, fóronnos saíndo actuacións, concertos ‘de matar tigres’ nos que, aínda que fose pouco, gañabamos algo, e para nós todo o que chegaba xa era moito. Durante a pandemia xurdiu a posibilidade de gravar un disco. Eu aínda estaba en Oviedo e facía viaxes a Compostela e a Friol, onde gravamos o primeiro disco. Sen pretensións de chegar aos escenarios, o proxecto de De Ninghures foi medrando case sen querer, ata o día de hoxe. Fomos mellorando, cometendo erros, aprendendo de todo e coñecendo xente, e todo iso desembocou no segundo disco, que é o que nos trou-

xo ata o momento actual. Cada vez chegamos a máis público e nunca pensamos acadar este punto, porque isto naceu de tocar nos bares, de xuntarnos e pasalo ben como un grupo de amigos. Aínda así, estamos moi orgullosos, e chegar ata aquí demostra que algo estamos facendo ben. Seguimos cometendo erros, como calquera proxecto en evolución, pero tamén aprendemos deles. E estamos moi satisfeitos de poder levar a música galega a lugares como o País Vasco ou Madrid. Ademais, hai pouco recibimos o Premio da Música Independiente (MIN) ao mellor disco en galego, o que tamén nos encheu de ilusión.

Hai pouco escribiu un libro, ademais, ‘O violín que trae o vento’.

Non me considero un escritor. Este libro xorde dunha investigación que fixen sobre unha violinista esquecida na Fonsagrada, Modesta Fernández. A partir desa investigación, e tamén grazas á miña formación en musicoloxía e ao interese por seguir afondando, funme achegando a este tema, que require precisamente iso: vontade de investigar e de indagar. Todo iso acabou desembocando nun libro no que tamén me acompañan moitas violinistas amigas, como Xulia Feixóo, Begoña Riobó, Antía Ameixeiras, Aldara Palmeiro, Marina Carpena, Carmen Gallego ou María Jorge. Son compañeiras que se sumaron a este proxecto, que tamén entendían como necesario dar visibilidade e voz á figura de Modesta. Grazas a todas elas, este traballo puido saír adiante. Ao principio xerábame certa inseguridade, porque estaba a entrar nun terreo alleo para min, tanto no ámbito do violín como na reconstrución da vida dunha muller. Pero ao contar con

todas estas amigas e músicas, todo foi posible. Incluso realizamos unha gravación discográfica con elas. Despois, cada presentación é diferente e única, porque en cada unha delas quero que me acompañe unha violinista distinta, para que estas músicas sigan vivas e para que Modesta este presente en cada actuación. Estou moi orgulloso de que todas elas apoiaran tanto este proxecto.

Que é para vostede A Fonsagrada?

Para min, A Fonsagrada é todo. Todos os proxectos que fago teñen unha vinculación coa Fonsagrada, sen dúbida, porque A Fonsagrada ten algo especial, ten unha historia moi potente. A parte escrita está ligada a Fonsagrada a través desa muller, Modesta. O proxecto de Ninghures tamén ten moitas pezas de montaña, da Fonsagrada, cunha melodía especial que nace de aí. E despois está a parte audiovisual, no documental ‘360 Curvas’, onde contamos esa historia que aconteceu no 92 e que case ninguén coñecía fóra da Fonsagrada. O que contamos recolle vivencias de persoas que estiveron vinculadas a aquelas “Movidas”, moitas delas de fóra da vila, e que gardan sempre moito cariño pola Fonsagrada. Quero dicir, moita xente que viña de fóra marchaba emocionada, mesmo chorando. Nunca escoitei a ninguén falar mal da Fonsagrada; ao contrario, todo o mundo conserva un moi bo recordo. Incluso persoas como Mercedes Peón ou Xabier Díaz, referentes no mundo da música tradicional, falan maravillas da xente da Fonsagrada. Eu, persoalmente, penso que, aínda que algúns da Fonsagrada esteamos fóra, seguimos dentro. Todos os proxectos que se desenvolven alí, como a Foliada da Fonsagrada, buscan manter ese



vínculo emocional coa terra, e iso fai que teñan éxito. Tamén creo que a xente da Fonsagrada é moi da Fonsagrada, porque os nosos pais e nais sempre nos transmitiron ese amor pola terra, ese apego ao lugar. E iso creo que nos pasa a todos os que nos rodean, aos meus compañeiros e compañeiras da Fonsagrada. O que fomos, somos.

¿E Lugo? Porque vive aquí.

Lugo é o meu segundo fogar. Ademais, culturalmente Lugo mellorou moitísimo nos últimos anos, algo que para alguén coma min que bebe de todo o ámbito cultural é maravilloso. Todos os días da semana hai algo que facer en Lugo, algo que antes non pasaba. E dende o meu ámbito, eu presentei o libro en Lugo, coa posibilidade de facelo na Capela de Santa María e co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. E con respecto ao documental, falamos da Fonsagrada pero tamén de Lugo, porque moitos viñeron vivir aquí, sobre todo á Pirigalla e a Fontiñas, e con el gañamos un Mestre Mateo, en Lugo, grazas tamén a que desde Lugo se impulsou un grande esforzo para traer estes premios aquí. Con respecto a De Ninghures, a nosa segunda actuación foi na Praza Horta do

Seminario no San Froilán de 2022 como teloneiros dun gran grupo e o ano pasado actuamos na Praza Santa María, que non ten nada que envexar á Praza Quintana de Santiago de Compostela e para nós foi un soño cumprido.

Cales son os proxectos de futuro?

No apartado audiovisual, queremos seguir presentando o documental ‘360 Curvas’ en festivais, xa que gañou o Premio Mestre Mateo ao mellor documental, que tamén permitiu alongar a vida da historia e lle deu un impulso importante; que ademais se merecía a xente da Fonsagrada. A idea é que se coñeza fóra, porque aínda non é moi coñecido, pero dentro do país vai seguir o seu percorrido. Imos acudir tamén a institutos para dar a coñecer o documental, cunha proxección-coloquio, unha actividade subvencionada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo. E, no apartado musical, De Ninghures continuará xirando por todos os pobos de Galicia. Temos moitos concertos programados e a verdade é que o verán pinta moi ben. Ademais, seguiremos sacando música nova; haberá un tema novo, o “tema do verán”, e no que A Fonsagrada tamén estará presente

O Caudal Fest deu a coñecer os horarios nos que actuarán os artistas do cartel

Lugo acollerá os días 18 e 19 de setembro unha nova edición do Caudal Fest, que vén de anunciar a distribución do seu cartel por xornadas e a posta á venda das entradas diarias a partir do mércores 6 de maio ás 12.00 horas. O evento, que se celebrará no recinto habitual, consolidase como unha das citas musicais máis destacadas do calendario galego.

A organización avanzou que o venres 18 de setembro estará marcado por unha potente xornada inaugural con actuacións de bandas e artistas como Lori Meyers, Xael López, Pignoise e Sanguijuelas del Guadiana. A eles sumouse Barry B, Ortiga, Besmaya, Anni B Sweet e No quiero.

Xa o sábado 19 de setembro subirán aos escenarios propostas

como Siloé, Ultraligera, Sexy Zebras, Leire Martínez e Inazio ou La La Love You, configurando unha segunda xornada centrada no pop e no indie estatal. Como novidades desta edición, a organización confirmou a incorporación de novos artistas ao cartel. Así, o sábado sumaranse actuacións como as de Carlos Ares, Veintiuno, Nunatak e Tere!



‘Lux Ignis’ gaña o Premio de Deseño Gráfico Arde Lucus



O cartel número 74, titulado ‘Lux Ignis’, resultou gañador do Premio de Deseño Gráfico Arde Lucus 2026 na súa vixésimo quinta edición, tras un proceso de selección no que participaron preto de 80 traballos. A elección produciuse despois de máis de dúas horas de análise por parte do xurado, nas que se valoraron aspectos como o deseño, a composición gráfica, a creatividade e a orixinalidade das propostas. Nunha primeira fase, o xurado realizou unha preselección de arredor de seis carteis, que posteriormente foron avaliados en detalle para comprobar o cumprimento dos criterios establecidos nas bases do concurso. Finalmente, ‘Lux Ignis’ acadou a maior puntuación ao cumprir cos requisitos obrigatorios e destacar pola súa proposta artística, polo que o artista recibirá o premio económico de 1.900 euros. Segundo recollen as bases, o deseño incorpora elementos representativos tanto do mundo castrexo como do romano, emprega unha tipografía acorde coas datas da festa e inclúe a lenda Annvs Argentevs, en referencia ás vodas de prata

do Arde Lucus. Ademais, utiliza as cores, logotipos e a referencia obrigatoria á declaración da festa como de Interese Turístico Internacional. O xurado, composto por Patricia Cupeiro López, profesora de Historia da Arte na Facultade de Humanidades e especialista en Patrimonio Cultural e Turismo; o arquitecto e profesor da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón, Pablo Ferreiro-Mazón; e o arqueólogo do Concello de Lugo, Enrique González; destacou a elevada participación, aínda que advertiron do incumprimento das bases en moitas das propostas, especialmente na obrigatoriedade de incorporar elementos propios das culturas romana e castrexa. Para o xurado, o cartel gañador presenta unha composición equilibrada na que imaxes, cores e elementos tipográficos se integran cunha estética coidada, reflectindo o espírito do Arde Lucus. A proposta pon o foco na recreación histórica e na volta da cidade ás súas orixes, combinando o mundo romano e o castrexo nunha creación artística de gran impacto visual.

Exposta a mostra ‘Me sube la bilirrubina (e outras cousas)’

O Vello Cárcere acolle a mostra ‘Me sube la bilirrubina (e outras cousas)’, que poderá visitarse ao longo de todo o mes de maio. A proposta artística, asinada pola pintora Helena Ayape, está instalada nas celas de homes situadas na planta baixa do espazo. A exposición afonda na estética dos alimentos considerados prohibidos, convertendo o exceso e a restrición nunha experiencia visual suxestiva. O conxunto está composto por 16 pezas de pequeno formato, con dimensións que oscilan entre os 10x18 e os 30x40 centímetros, elaboradas mediante técnicas de óleo e acuarela, distribuídas nas distintas celas segundo o procedemento empregado.

O proxecto artístico, iniciado no 2024, continúa en proceso de desenvolvemento, incorporando novas propostas vinculadas ao ámbito gastronómico. A través desta serie, a creadora pretende ofrecer unha reflexión arredor da relación que se establece entre o goce e o coidado da saúde. “Non se trata só de pintar comida, senón de retratar a relación conflitiva que temos co pracer e a saúde”, sinala Helena Ayape. O formato reducido das obras convida ao público a achegarse a cada peza, xerando unha sensación de proximidade que roza o íntimo fronte a elementos cotiáns que, ao mesmo tempo, poden resultar prexudiciais.

Estrean O Catálogo Arqueolóxico Lucus Augusti, con pezas virtuais

O Servizo de Arqueoloxía do Concello de Lugo vén de poñer en marcha o CALA, o Catálogo Arqueolóxico Lucus Augusti, unha ferramenta virtual innovadora e das máis completas do país, polo seu amplo contido así como pola información e aplicacións dispoñibles, que permitirá coñecer de preto case 200 pezas arqueolóxicas para achegarse á historia e ás orixes da nosa cidade, con detalles destes restos, descubertos ao longo da historia da cidade e das últimas catro décadas de escavacións arqueolóxicas.

A área de Arqueoloxía leva anos traballando nesta web, á que xa pódese acceder desde a propia páxina do Concello ou a través dunha ligazón, para coñecer toda a información relativa a cada unha das pezas, con mapas de xeolocalización, imaxes en 3D e toda a bibliografía dispoñible sobre cada un dos restos. A principal novidade, sinalou Miguel Fernández, “é que haberá imaxes en 3D de case 200 pezas, que foron dixitalizadas, polo que moitos dos vestixios que non están expostos en museos e salas de exposición poderanse coñecer a partir de agora a través desta web”. CALA vén divulgar unha gran parte de restos descoñecidos ata agora polo público, cun claro afán de dar a coñecer o rico patrimonio histórico de Lugo.

O novo catálogo permite, a través dunha interface accesible e visual, consultar de forma estruturada un conxunto de pezas e elementos



arqueolóxicos vinculados á súa localización orixinal ou documentada dentro do contorno urbano.

O proxecto combina dous enfoques habitualmente separados: por unha banda, a lóxica de catálogo, con fichas individuais normalizadas e organizadas por tipoloxías; e, pola outra, a visualización xeográfica, que sitúa cada elemento sobre o mapa, facilitando a súa comprensión en relación coa cidade actual. Este sistema e os conceptos e información que incorpora facilita o emprego do CALA por arqueólogos expertos, persoas profanas na materia, guías turísticos que queiran incorporar máis detalles as súas rutas, e tamén polo ámbito educativo, nas distintas etapas da ensinanza.

En canto ás melloras que introduce este catálogo respecto a outros sistemas de documentación patrimonial, o arqueólogo municipal, Enrique González, destaca “a contextualiza-

ción espacial real, xa que cada peza preséntase vinculada á súa localización, permitindo entender a súa relación co territorio e coa evolución urbana; o acceso claro e directo á información, evitando a complexidade dos visores técnicos ou das bases de datos institucionais; un sistema estruturado e escalable, por familias ou categorías cun maior orde; a lixeireza tecnolóxica, cunha web sinxela, intuitiva e rápida; e o enfoque divulgativo sen perder rigor, cun equilibrio entre a precisión dos contidos cunha presentación accesible para todo tipo de públicos”.

Este tipo de documentación facilita a análise sen manipulación directa, contribúe á conservación preventiva e actúa como respaldo ante posibles procesos de deterioro ou intervención. Ademais, os modelos dixitais son reutilizables e integrables noutros contextos, optimizando o aproveitamento dos recursos xerados.

A nova edición do festival Zumbanocoiro será o 23 de maio

A asociación A Volta do Agro organiza unha nova edición do festival Zumbanocoiro, que se celebrará o vindeiro 23 de maio na Praza de Santa María, consolidándose como unha das citas culturais vinculadas á música de raíz na cidade.

O evento conta coa colaboración do Concello de Lugo e da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, nunha aposta conxunta por reforzar unha programación que pon en valor a música tradicional e o talento local. A exconcelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, destacou que Zumbanocoiro exemplifica o traballo desenvolvido para achegar a cultura á veciñanza e dinamizar os espazos públicos mediante propostas que reforzan a identidade galega.

Pola súa banda, o extenente de alcalde, Rubén Arroxo, subliñou a



importancia de apoiar iniciativas nadas do tecido asociativo que contribúen a construír unha programación cultural diversa, accesible e de calidade para toda a cidadanía. O cartel estará integrado por Unto Vello, Mediarea e Os Carecos, convertendo a Praza de Santa María

nun punto de encontro festivo arredor da música tradicional. Desde a anterior Tenencia de Alcaldía animaron a participar nesta nova edición, coa que Lugo continúa reforzando o seu papel como referente na promoción da cultura galega.

OS HORTOS URBANOS DA DEPUTACIÓN

A agricultura ecolóxica consolídase en Lugo cos hortos urbanos da Deputación

Os hortos urbanos forman parte dunha acción máis ampla posta en marcha pola Deputación de Lugo que trata de fomentar o coñecemento e a posta en valor do territorio



Potenciar os hábitos de vida saudables, favorecer o consumo de alimentos de proximidade ou fomentar o contacto coa natureza son tres dos piares que definen o programa de hortos urbanos da Deputación de Lugo. Unha iniciativa que leva anos en marcha e que consolidou a agricultura ecolóxica como unha alternativa sostible e accesible. Ao mesmo tempo, esta proposta promove a participación cidadá, a convivencia e o aproveitamento responsable dos recursos naturais no ámbito urbano.

gratuíta de lecer ambiental entre os veciños e veciñas de Lugo e dos concellos limítrofes. O programa destaca tamén polo seu marcado carácter social e educativo, pois os hortos urbanos son tamén espazos de convivencia interxeracional, nos que intercambiar coñecementos e crear comunidade. Neste contexto, a finais do mes de marzo formalizouse unha nova adjudicación coa entrega de 50 hortos: 12 autorizacións foron para antigos usuarios e usuarias que se lles acababa a concesión, e

as 38 restantes asignáronse a novos beneficiarios e beneficiarias, que poderán utilizar estes espazos de 30 metros cadrados por un período máximo de catro anos. Ademais, este programa complementase cun servizo de formación en horticultura ecolóxica para que as persoas usuarias aprendan algunhas cuestións relacionadas co terreo, os recursos, os materiais ou a maquinaria de forma gratuíta. Ademais, o compromiso da institución provincial coa sostibilidade ambiental e a promoción da agri-

cultura ecolóxica complementase coa xestión e o mantemento dos 32 hortos urbanos de Paxariños, de titularidade municipal. Un acordo que se materializou co Con-

A fórmula baséase en favorecer o desenvolvemento sostible a través de iniciativas que aproveiten a nosa riqueza natural, no eido do sector primario e do turístico

cello de Lugo para mellorar a eficiencia na xestión destes espazos que se atopan entre a ladeira de Fontiñas e o paseo fluvial do Rato, ao carón do barrio lucense de Xuíz. Os hortos urbanos forman parte dunha acción máis ampla posta en marcha pola Deputación de Lugo que trata de fomentar o coñecemento e a posta en valor do territorio, concretamente, o que ten que ver coas Reservas de Biosfera, das que a provincia de Lugo é o máximo expoñente en Galicia. A fórmula baséase en favorecer o desenvolvemento sostible a través de iniciativas que aproveiten a nosa riqueza natural, tanto no eido do sector primario, como do turístico.

O programa destaca polo seu carácter social e educativo, pois os hortos urbanos son tamén espazos de convivencia interxeracional, nos que intercambiar coñecementos e crear comunidade



A día de hoxe, a institución provincial conta cun total de 155 parcelas públicas, situadas na contorna do Paseo do río Rato, a pleno rendemento, o que dá conta da boa acollida que ten esta iniciativa

DEPUTACIÓN

“Non teño medo das mocións, estou centrada en traballar e fágoo cun equipo cohesionado”

Carmela López Moreno é a alcaldesa de Burela e a nova presidenta da Deputación de Lugo desde o pasado mes de xaneiro

Podería facernos un pequeno balance deste tempo que leva na presidencia?

O balance é positivo porque considero que me trouxo moito aprendizaxe, moitísima escoita e amplitude no meu coñecemento. Ao mesmo tempo, tamén estou traballando moitísimo e con bastante intensidade porque, ao ser un mandato que está a piques de finalizar, débese planificar dunha maneira diferente a, por exemplo, outro no que tes por diante catro anos. Eu xa formaba parte do goberno como deputada, pero sempre digo que, antes de alcaldesa tamén era concelleira e as cousas cambiaron para min nese momento. Agora é evidente que tamén cambiaron. Entón, en resumo, moito aprendizaxe, moita escoita, moito viaxe polo territorio e con moitísimas ganas de traballar.

Agora que xa leva uns meses, supoño que terá unha perspectiva de proxectos seus propios que rematará antes do fin da lexislatura.

O que fixen desde que cheguei é reunirme con alcaldes e alcaldesas e visitar os 67 concellos que, aínda que evidentemente non aínda fisicamente, si a través de entidades e de poñer enriba da mesa cales son as necesidades, cales habería que rematar, en cales se necesita avanzar, etc. Temos, por exemplo, residencias nas que é preciso seguir avanzando con todo o ímpeto posible porque o necesitan os nosos veciños. Así mesmo, en canto a cambios positivos, temos unha nova aplicación que tiña xa na miña área, en Economía e Facenda, que cambia a forma de traballar en canto a impostos para todos os veciños e veciñas da provincia. É algo que comecei como deputada e que vou poder finalizar como presidenta. Temos tamén eses proxectos que recollo da anterior xestión. Sempre digo que me vai tocar poñer o lazo dese centro de innovación territorial que tamén vai axudar a traer fondos europeos para toda a provincia. Está pendente tamén a granxa ou o parque nacional. Hai moitísimo traballo feito durante os anos anteriores que oxalá me toque rematar. Sobre todo, estou facendo moitísimo ímpeto na cooperación cos concellos. Como alcaldesa, teño esa visión das necesidades que temos e, ao ser esta casa o Concello dos concellos, necesito poder axudarlles a todos, aos 67.

Xorde a pregunta de que necesitamos.

Pois que a Deputación nos cubra moitas das necesidades que temos e que non somos capaces de resolver porque a nivel técnico somos unidades pequenas que necesitan deste paraugas. Eu sempre digo que me encantaría que se puxeran en valor as deputacións porque moitas veces o que se escoita é que este organismo non é útil e está só para que os catro políticos de quenda vivan dela. E non é real, os 67 concellos, grazas a esta casa, poden por exemplo rematar proxectos ou poden sacar pregos para diferentes contratacións e obras. Temos ese Plan Deputación co que xa nós, os alcaldes e alcaldesas, podemos prever que proxectos queremos facer para os seguintes anos. É dicir, sabemos que temos amparo económico, que temos amparo a través desa cooperación cos concellos, de técnicos que necesitamos para poder sacar o día a día dos nosos concellos, e despois tamén temos a Deputación como paraugas para que os sectores produtivos da nosa provincia poidan avanzar en proxectos clave que ao final benefician a todo o territorio. Entón, a que me estou dedicando?, a entrelazar todas as peticións que recibo, visitar sobre todo aquilo que me parece importante e que pode proxectar Lugo. Aparte de utilizar a miña voz cara a un único obxectivo: que necesita Lugo.

E que é exactamente o que máis precisa?

Pois é evidente. Estamos moi mal comunicados, ninguén quere vir traballar aquí, e xa non só tendo en conta o punto de vista dos salarios, senón porque a comunicación é horrorosa. Eu tardo en vir a Lugo unha hora e dez aproximadamente, iso non debería ser, é inxusto, entón, que estou aproveitando?, pois, agora que a miña voz vale un pouco máis, teño que elevar a dos meus 66 compañeiros, porque ao final é moi gratificante sentarme con todos e con todas e ver que dá igual da cor que sexamos, todos temos unha liña común, case sempre os mesmos problemas ou preocupacións e a miña ilusión sería que, unindo forzas desde esta casa, poidamos entendernos para tres ou catro liñas estratégicas, mellorar como provincia, e loitar para que sexa así.

Dentro dos proxectos e como peza fundamental dos últimos anos, vai-se manter o investimento en estradas?

Si, de feito, teño un mapa de es-



tradas das peticións que tiven de todos os alcaldes e alcaldesas. No meu caso, traballo moito con eles e tiven que coller un mapa mudo para volver estudarme o sur da provincia, porque había algún concello que me bailaba. Non me dá vergoña admitilo, gustaríame poñerlle un mapa mudo a moita xente a

“Estes meses trouxéronme moita aprendizaxe, moita escoita, moito viaxe polo territorio e moitas ganas de traballar”

nosa provincia para ver se é capaz de situalos todos (risas). Estamos levando á Xunta de Goberno local estradas todos os venres porque é certo que temos unha rede moi ampla, e ademais tocounos un inverno moi difícil, porque se viñeron abaixo moitísimas estradas, tivemos moitísimos incidentes, e é algo que me preocupa porque poden provocar accidentes. Incluso, imos investir, en

algo que para min tamén é esencial, o parque móbil, temos que movelo nas estradas provinciais, e no remanente levamos tamén unha partida, que son 200.000 euros, para facer outro equipo máis de traballo. Para min, as estradas son fundamentais, non podo estar por un lado pedindo melloras das comunicacións na provincia, pero ter mal as estradas provinciais.

Tamén estivo falando co presidente da Xunta, a quen lle levou un decálogo de necesidades. Está habendo xa algunha repercusión desde a reunión ou non hai novidades?

Ao final, nesa reunión o que queríamos era arrancar grupos de traballo. Estivemos co anteproxecto de lei, no que si que arrancam varios compromisos de que van ter en conta, e xa tiveron en conta varias das nosas alegacións como Deputación. No que máis insistimos era en determinar que competencias temos as deputacións e, sobre todo, se temos que facer máis traballo como imos financiar, porque eu sempre digo, a manta, ou tapa os pés ou tapa a cabeza. Agora temos a gran oportunidade de modificar esa lei que é vital, e nós agradecidos de que se modifique, pero traballemos en conxunto

para conseguir ter un resultado o mellor posible. Seguramente isto é como cando amoblas unha casa, que cando acabas volverías a empezar para cambiar todo, pero imos intentar axustala á realidade do que somos capaces de facer para que ao final repercuta positivamente para todas as administracións e finalmente nas persoas.

Nestes momentos, as reunións cos concellos están sendo fundamentais, como está sendo este primeiro paso? porque aquí estamos falando de concellos de diferente cor, entón non é doado unificar criterios.

Están sendo moi produtivas. Nestas reunións teño unha carpeta e unha ficha por cada concello, que xa pedín previamente, cos antecedentes de que pasou con este concello, que axudas recibiron, que arranxos de estradas houbo, se estivo o parque móbil ou non, que peticións houbo enriba da mesa, en cooperación en que lles estamos axudando. É dicir, analizar a situación global na que se atopa. Sempre empezo polas estradas e o primeiro que quero saber é en que situación se atopan, en cales temos que operar inmediatamente, por onde pasa máis xente e cales se consideran vitais para o ben do concello. Despois pasamos ao Plan Deputación, a falar de que se fixo ata agora ou que van facer e por que están apostando, para así poder facerme un resumo e ademais coñecer mellor o territorio, porque si que é verdade que dependendo do concello se inviste máis en estradas, como é o caso da montaña. En territorio máis urbano, apóstase por outro tipo de investimentos. Está sendo moi enriquecedor e a min permíteme obter esa información que necesito para desenvolver un proxecto e poder planificar os recursos que temos e saber cara onde os debemos dirixir para conseguir ese equilibrio territorial baseado nunha igualdade de oportunidades.

Entrando na situación actual da política, parece que o PP ten atada unha moción de censura no Concello de Lugo. Quería saber que lle parece a vostede.

Paréceme lamentable que o Partido Popular se aproveite dun goberno que é evidente que o tivo moi complicado. Desde aquí quero poñer en valor o traballo de Miguel, compañeiro nesta casa, porque creo que todos sabemos que a situación de dificultade é evidente. Polo tanto, ante



tales circunstancias, creo que a responsabilidade da oposición é garantir, a un ano das eleccións, que haxa estabilidade e que na túa cidade se poida traballar con tranquilidade, facendo oposición, por suposto. No meu caso, como concelleira que formou parte dun goberno, téño moi claro, se non estou contenta pola mesma porta que entrei, saio. Iso é o que eu creo que hai que facer se es unha persoa que ten un mínimo de sentido común e de criterio. Nunca na política podes pensar só en ti.

A unión dunha tráfuga e tres falecementos parécelle especialmente delicado como para que o PP marcase a dirección dunha liña vermella contra esta moción?

Paréceme delicado todo o que foi sucedendo ao longo do mandato. Non quería entrar exactamente en que, porque evidentemente foi moi daniño e doloroso, pero eu resúmoos así, todos e todas sabemos que foi moi difícil este mandato e creo que a maneira na que actuaron non podería describirla dunha forma educada. **Quería destacar que hai máis movementos similares noutros lugares como o acordo do PP con Camiña Sarría ou o que está pasando tamén en Vilalba. Que lle parece isto, e sobre todo nesta recta final do ano que queda de cara ás municipais?**

Paréceme que, a pesar de ser unha fórmula legal, non é a máis axeitada para chegar ao poder.

Ten medo de que esas prácticas leven ao PP a San Marcos?

Medo ningún. A verdade é que non. **Pensa que o labor que está facendo pode remontar a crise a raíz do episodio de Tomé?**

Eu non teño medo, sinceramente. Estou centrada en traballar e teño a sorte de que traballo cun equipo cohesionado. A verdade é que eu me afasto do ruído e céntrame tanto en ter un proxecto, unha estratexia de traballo a seguir clara que non teño medo, dígoos de verdade. Aquí evidentemente xogas sempre partido a partido, pero non o teño na miña cabeza.

Tamén se dá a situación, falabamos

antes do caso de María Reigosa, agora non adscrita. O expresidente da Deputación está tamén na condición de non adscrito, e tras a súa renuncia, o seu voto tamén é decisivo. Cre que se pode chegar a vivir unha situación paralela á que vivimos no Concello?

Non o plantexo, é máis, descártoo.

Como é a súa relación actualmente con Tomé?

A miña relación con Tomé é cordial. Hai que ter en conta que é expresidente, excompañeiro, é deputado desta casa e ademais, alcalde de Monforte, polo que a miña relación con el é cordial, como con todos os deputados e deputadas desta casa. E insisto, como estou tan centrada en que a provincia non pare de traballar, en sacar os proxectos para adiante, nunca supuxo para min un problema a nivel de traballo.

E a relación cos deputados cos que

“Si, eu quero ser candidata á Alcaldía de Burela, aínda teño moitísimo traballo por facer”

tivo problema aí atrás mellorou?

Si, a miña relación nunca foi mala con ningún dos compañeiros e compañeiras deputadas. Eu tiña claro que, se lideraba, lideraba un equipo. **Funciona cohesionado agora mesmo entón?**

Si, non entendo outra forma de traballar. Deixeiño claro desde o principio, ademais.

E esas diferenzas que se trasladaron tamén ás primarias na provincia, vense patentes ou están as augas calmadas?

Agora mesmo estamos traballando, e estamos traballando como equipo porque é así como se debe facer. Eu non o entendo doutra forma.

O seu predecesor tamén dirixía o partido na provincia, é bastante común que as presidencias das de-

putacións sexan quen tiren polo partido na provincia. Gustaríalle dar o paso para ser secretaria xeral.

Agora mesmo estamos en mans dunha xestora e eu débome a esa xestora. Ao final a decisión dependerá do que os meus compañeiros consideren mellor para todos. Son de xogar partido a partido e agora mesmo estou centrada na presidencia da Deputación, ademais da miña Alcaldía que para min é fundamental. Se se dá o caso, se pasamos a ese partido, eu tería que valoralo e estudalo.

E como é a súa relación actual coa dirección do PSdeG?

Ben, sa, sempre foi e continúa sendo así. Son crítica, pero son das que di as cousas dentro da casa.

Como valora o liderado de Besteiro?

Para min é un bo líder. O seu traballo está patente xa non só a nivel provincial, senón a nivel galego e mesmo estatal. Ser líder hoxe en día ademais é moi difícil e máis dentro da política actual porque agora mesmo está moi ensuciada. No meu caso, eu son moi leal fóra da casa, pero moi crítica dentro dela e é evidente que todos podemos mellorar, pero a sabendas de que é moi difícil ser líder hoxe en día.

E cre que cando se reúnen os órganos do partido para falar hai suficiente intercambio orgánico?

Agora que estou percorrendo a provincia e falando con todos os compañeiros e compañeiras que, a pesar de que xa os coñecía, agora teño a posibilidade de escoitalos moito máis, creo que temos uns activos moi potentes. Temos que autocriticarnos, dicir que isto saíu mal, preguntarnos por que saíu mal e como podemos saír adiante. E estou totalmente convencida de que o podemos facer.

Referiuse en varias ocasións a Burela, ao concello que goberna. Queda pouco menos dun ano para as próximas eleccións municipais e a pregunta é clara, vai ser candidata?

Si, eu quero ser candidata. Aínda teño moitísimo traballo que facer en Burela e se os meus compañeiros o consideran, eu son súper feliz sendo alcaldesa de Burela.

Reclamacións á Xunta en emerxencias, lumes forestais e prezo do leite

O Pleno da Deputación de Lugo celebrado en abril aprobou unha iniciativa socialista para reclamarlle á Xunta un cambio de modelo na xestión da prevención de lumes. Baseándose nos datos do 2025, que deixaron na provincia de Lugo 248 lumes que arrasaron 13.694 hectáreas de terreo, o PSdeG propón reformular o sistema. A iniciativa contou cos votos a favor dos socialistas, o BNG e o Deputado non adscrito, e os votos en contra do PP.

Ampliar a superficie incluída baixo a protección das faixas secundarias de xestión da biomasa, desenvolver plans de autoprotección e evacuación para todos os núcleos de poboación ou avanzar coa tramitación da nova Lei de loita integral contra os incendios forestais son algunhas das propostas que recolle o texto aprobado.

Tamén acordou instar á Xunta de Galicia a estudar a viabilidade dun novo modelo de emerxencias na Montaña, reclamando un reforzo do sistema público para garantir unha resposta eficaz en todo o territorio. A iniciativa saíu adiante co voto favorable do PSdeG, do

BNG e do deputado non adscrito e os votos en contra do PP.

Sinalou a deputada que a provincia de Lugo conta só con cinco Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES): Friol, A Pontenova, Quiroga, Folgoso do Courel e Monterroso. E que o propio sistema de atención de emerxencias 112 Galicia ve limitada a súa eficacia pola falta de medios operativos próximos.

O pleno provincial tamén aprobou unha proposta impulsada polo BNG que insta á Xunta de Galiza a actuar fronte ás baixadas abusivas e unilaterais do prezo do leite por parte da industria.

O deputado Daniel García denunciou a “inoperancia” e “inutilidade” do goberno do Partido Popular ante a recente baixada de prezos imposta pola industria, de ata 8 céntimos por litro. “Agora din que revisarán todos os contratos, mais a industria non é parva, os contratos seguro que serán legais, pero as negociacións son abusivas e unilaterais e as ameazas de suspensión de recollida son reais como as das 4 granxas de Ribadeo”, lembrou.

A Deputación asumirá a xestión das zonas verdes contratando a Tragsa

A Deputación de Lugo aprobou o inicio do expediente para que o servizo de conservación e mantemento das zonas verdes de titularidade provincial pase a ser prestado directamente pola propia institución a partir do 1 de xaneiro de 2027.

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, e o vicepresidente provincial, Efrén Castro, foron os encargados de dar conta deste acordo, que cualificaron como “un paso relevante na organización dun servizo esencial para a provincia”.

Na actualidade, este servizo vense desenvolvendo a través dun encargo ao medio propio TRAGSA, un modelo que está en vigor desde o ano 2020 e que foi prorrogado ata o 31 de decembro de 2026. Este encargo abrangue o mantemento dun total de 1.052.888 metros cadrados de zonas verdes distribuídas por toda a provincia, incluíndo espazos naturais, áreas recreativas, contornas fluviais e zonas urbanas, o que dá idea da dimensión e importancia deste servizo tanto desde o punto de vista ambiental como social.

Co acordo adoptado, a Deputación aposta por avanzar cara a un modelo de xestión directa, que permitirá reforzar o control público, mellorar a eficiencia na prestación e achegar a toma de decisións á realidade do territorio.

A decisión implica tamén a subrogación do persoal actualmente adscrito ao servizo, garantindo a continuidade laboral e o respecto íntegro dos seus dereitos. En concreto, trátase dun equipo de 16 traballadores e traballadoras de distintos perfís profesionais —entre eles xardineiros, oficiais ou oficial escultor— procedentes da extinta SUPLUSA, que continuarán desenvolvendo exactamente as mesmas funcións que realizan na actualidade.

“Coa aprobación deste expediente, a Deputación de Lugo dá o primeiro paso dun proceso que culminará en 2027 coa implantación dun modelo de xestión máis directo, eficiente e xusto, orientado a mellorar tanto a calidade do servizo público como as condicións das persoas que o fan posible”, explicou a presidenta.

AO NOSO CARÓN

O PSdeG acorda en Lugo a creación dun Consello Nacional Municipal



A Comisión Executiva Nacional Galega do PSdeG acordou a creación do Consello Nacional Municipal e aprobou as bases que regularán o seu funcionamento. O novo órgano comezará a operar no mes de xuño e estará composto por alcaldes, alcaldesas e voceiros municipais socialistas de toda Galicia. O obxectivo é dotar ao municipalismo socialista, o máis importante de Galicia, dun espazo permanente de coordinación política para erguer unha fronte común ante a incapacidade da Xunta de atender as necesidades dos concellos galegos. Desde o PSdeG sosteñen que a

administración local sofre unha asfixia deliberada por parte do Goberno galego, que descarga competencias e servizos sobre os concellos sen achegar o financiamento que lles corresponde. O Consello nace, ademais, coa vista posta nas eleccións municipais de 2027, sinaladas polo secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, como a primeira gran cita electoral do partido. O órgano servirá para coordinar a estratexia dos gobernos locais socialistas, compartir diagnósticos sobre a situación dos concellos e amplificar a voz do municipalismo galego.

Lugo, “un dos mellores lugares do mundo” para ver a eclipse solar

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, presentou na Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos a campaña de divulgación que fará a institución provincial de cara a eclipse total de sol do vindeiro 12 de agosto. “A nosa provincia será un dos mellores lugares do mundo para ver este fenómeno e estamos a traballar para estar á altura”, valorou a mandataria provincial.

Destacou a presidenta que hai máis de cen anos que a península ibérica non pode observar un fenómeno coma este e que Lugo está situado “nun lugar privilexiado, que tamén nos marca unha responsabilidade, porque un acontecemento desta magnitude require planificación”. Nese sentido sinalou que desde a Deputación “levamos tempo traballando co obxectivo de que a provincia chegue a esa data preparada, con información, con organización e con capacidade para responder”. Carmela López tivo unhas palabras para a astrofísica Lucía González Cuesta, que foi a encargada da conferencia inaugural da programación da Deputación. Sinalou que esta profesional de primeiro nivel “combina coñecemento, experiencia e capacidade para explicar”, algo “fundamental” para divulgar con claridade. Lucía González xunto a Alfonso Coya



Lozano, membro da Asociación Astronómica Asturiana OMEGA, explicaron a continuación os aspectos fundamentais sobre a eclipse do 12 de agosto a preto dun cento de asistentes. Na conferencia, achegaron coñecementos, información e ferramentas para gozar deste fenómeno de forma segura, abordando os aspectos básicos sobre as eclipses, os mellores lugares para a súa observación e os materiais homologados e normas de seguridade visual que se deben empregar.

Doutora en Astrofísica, Lucía González Cuesta realizou a súa tese no Instituto Astrofísica de Canarias (IAC). Licenciada en Física pola Universidade de Oviedo e cun Máster en Astrofísica pola Universidade da

Laguna, conta cunha ampla traxectoria no ámbito da divulgación científica, especialmente a través do seu proxecto Allande Stars, centrado na difusión da astronomía en contornos rurais.

Baixo o título ‘A provincia de Lugo, un lugar único para un momento inesquecible’, a institución provincial impulsa tamén un ciclo de charlas polos diferentes concellos da provincia que se desenvolverá entre finais de xuño e xullo. Aínda se están a pechar as localizacións, pero está previsto que haxa conferencias en todas as comarcas. Ademais, a Deputación editará un tríptico para distribuír nos concellos e está a tramitar a adquisición de lentes homologadas para o seu reparto entre a veciñanza.

Privilexios

O PUPITRE



Julio Díaz

O termo privilexio, do latín *privilegium* (*privus*, privado, e *lex*, lei), define unha exención dunha obriga ou unha vantaxe exclusiva concedida a certos individuos ou colectivos. Historicamente, esta figura xurídica outorgaba beneficios baseados na raza, xénero ou clase social. Porén, hoxe en día, asistimos a unha perversión do termo: o uso arbitrario e demagóxico desta palabra para atacar un dereito laboral consolidado e gañado con estrito cumprimento do deber. Eu, como o resto dos docentes deste país, non gozo de privilexio ningún. A retribución que percibimos non é unha mercé, senón un dereito esta-

tutario derivado dun servizo público esencial. É un salario regulado, transparente e sometido ao máis rigoroso escrutinio: calquera cidadán pode consultar as nosas táboas salariais. A Axencia Tributaria fiscaliza cada un dos nosos ingresos; na nosa nómina non hai marxe para a fraude, a picaresca ou a opacidade fiscal. Non operamos dende paraísos fiscais, senón dende o sistema público que sostemos co noso esforzo e impostos.

Non, non somos privilexiados. Con frecuencia, e con manifesta mala fe, propágase a falacia de que vivimos nun estado de vacacións permanentes. Nada máis lonxe da realidade xurídica e fáctica. O persoal docente dispón, por imperativo do calendario escolar e a especificidade do servizo, do mes de agosto como período vacacional retribuído. O resto do tempo estival —ese bulo dos “tres meses” que se repite con teima— non

é un descanso, senón un período de traballo non lectivo.

Gustaríame aclarar, por enésima vez e con certo ton de fastío, que a nosa responsabilidade non prescribe cando o alumnado abandona as aulas. O desenvolvemento das nosas funcións esixe tarefas imprescindibles que se executan precisamente en ausencia de estudantes: memorias anuais, actas de avaliación, programacións didácticas para o vindeiro curso, asistencia a claustros, consellos escolares, tribunais de oposición e unha formación continua en congresos e seminarios. Mención aparte merece a xestión técnica dos equipos directivos, que sacrifican gran parte do verán nun traballo silencioso e administrativo, agardando instrucións da Administración que, sistematicamente, chegan no último minuto.

Existe tamén a crenza infundada de que a nosa xornada se limita a unhas cantas “horiñas” de clase. É un erro

de vulto. A nosa xornada laboral é de 37,5 horas semanais, exactamente igual que a do resto do funcionariado. A confusión —adoito interesada— provén de equiparar a xornada lectiva (a atención directa no aula) coa xornada laboral total. Acaso un cirurxían só traballa os minutos que dura a incisión? Traballa o presentador dun informativo unicamente os trinta minutos que permanece ante a cámara? Calquera profesión intelectual e de servizo require dunha preparación previa, rigorosa e extenuante que non se ve, pero que se executa de xeito inexorable.

En serio pretenden soste que a docencia é un “chollo”? Convido a calquera deses críticos a xestionar a complexidade dunha aula con 25 ou 30 adolescentes, en plena efervescencia hormonal e, en moitos casos, desmotivados pola contorna social. É un exercicio de resistencia psicolóxica e pedagóxica que poucos poderían

soportar máis alo de dous días.

Para rematar, fago unha proposta: cambiemos o foco. En vez de pretender precarizar a nosa profesión esixindo menos descanso ou xornadas máis gravosas —ignorando que os menores tamén precisan esa desconexión pedagóxica—, loitemos por unha conciliación familiar efectiva para todos os traballadores. Quizais así os pais e nais non terían que ver o centro educativo como un “aparcadoiro” e non desexarían con tanta ansia, xa a 8 de xullo, que as clases comezasen dunha maldita vez.

Para concluír: se tras esta exposición de motivos vostede segue a considerar que somos uns privilexiados, recórdolle que o acceso a esta profesión non ten máis límite que a capacidade e o mérito. As facultades están abertas e os procesos selectivos son públicos. Se o noso “privilexio” lles resulta tan atractivo, opositen. Anímense. Se se atreven.

PROGRAMA 'MANS ARTESÁS'



A Vicepresidencia da Deputación impulsa máis dun cento de actividades artesás na provincia

PUBLIRREPORTAXE

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo impulsa máis dun cento de demostracións, obradoiros e cursos de artesanía en toda a provincia, a través do programa 'Mans artesás'. Unha iniciativa que se puxo en marcha por primeira vez este ano, co obxectivo de fomentar a presenza da artesanía e dos oficios tradicionais en festas e actos culturais e tamén nas actividades lúdicas e veciñais que ofrecen asociacións e colectivos veciñais ao longo do ano.

O programa, lanzado o pasado mes de febreiro, esgotou en apenas dúas semanas o orzamento previsto pola gran demanda que esta oferta de actividades xerou entre o tecido asociativo de todas as comarcas.

Cestería, olería, coiro, fiado, tear, torneado e talla de madeira foron algunhas das disciplinas máis demandadas do catálogo proposto que incluía tamén creación de autómatas ou instrumentos de música tradicional, restauración de mobles, tapizaría, elaboración de elementos do traxe tradicional ou pintura téxtil. Ademais da implicación social no coñecemento destas disciplinas, o programa 'Mans Artesás' está consolidando e abrindo oportunidades profesionais para as artesás e artesáns participantes, que poden complementar a súa actividade produtiva ou de venda cunha labor formativa e divulgativa. A iniciativa abriuse a profesionais da artesanía, ofrecéndolles a posibilidade de adherirse ao programa para impartir os obradoiros e cursos, en función da demanda e da dispoñibilidade. O vicepresidente da Deputación de Lugo e responsable da área de Artesanía e Deseño, Efrén Castro, explicou que "o programa pretende fomentar a presenza da artesanía e dos oficios tradicionais en feiras e actos culturais ou de promoción do territorio e na oferta de actividades formativas ou lúdicas que ofrecen asociacións e colectivos veciñais ao longo do ano".

O responsable provincial destacou que "a iniciativa amplía o apoio que se ofrece desde a institución provincial a un sector que conserva, difunde e actualiza coñecementos e técnicas que forman parte do noso patrimonio inmaterial e que desen-

volve unha actividade económica sostible, ligada ao territorio e ao consumo responsable".

TIPOS DE ACTIVIDADES

- **Demostración:** destinada a promover a percepción por parte do público en xeral dun determinado labor artesanal nun contexto de desenvolvemento nunha feira, festa ou outros eventos públicos xeralmente vencellados coa promoción da artesanía.
- **Obradoiro:** espazo de aprendizaxe e práctica dunha actividade artesanal, interactuando co público nun contexto de desenvolvemento nunha feira, festa ou outros eventos públicos vencellados coa promoción da artesanía.
- **Curso:** adquisición de coñecementos e habilidades prácticas para desenvolver un oficio artesanal. Teñen unha duración máxima de vinte catro horas, establecéndose un mínimo de tres horas por xornada. O número de alumnas e alumnos oscila entre un mínimo de oito e un máximo de doce.

CURSOS EN MAIO

- AAVV O Cadaval de Pacios - Castro de Rei | Curso de tear | 04, 11, 18 e 25 de maio, de 16:00-19:00 horas | Miriam Fernández Otero
- AAVV de Gondar - Lugo | Curso de cestería | 16, 23 e 30 de maio; 06, 13 e 23 de xuño, de 17:00-21:00 horas | María do Carme Otero Folgueira
- AAVV Calbrava - Benade | Curso de tear | 15, 22 e 29 de maio de 2026; 05 de xuño, de 16:00-19:00 horas | Lourdes Otero Mato
- AAMMRR Andarela - O Corgo | Curso de tear | 15, 22 e 29 de maio; 05 de xuño, de 17:00-20:00 horas | Miriam Fdez. Otero
- AAVV de As Regas - Lugo | Curso de cerámica | 15, 22 e 29 de maio; 05 de xuño, de 17:00-20:00 horas | Iria Pigueiras Vilar
- AAVV San Vicente do Burgo | Curso de cestería | 10 de maio de 10:00-13:00 horas | María Otero Folgueira
- Fundación Galicia Obra Social | Curso de cerámica | 12, 19 e 26
- de maio, de 16:00-19:00 horas | Sandra Sánchez Pérez
- Asociación Cultural Arumes do Corgo | Curso de feltro | 05, 12 e 19 de maio, de 16:00-20:00 horas | Miriam Fernández Otero
- AAVV Santiago de Saá en Lugo | Curso de restauración de mobles | 04, 11, 18 e 25 de maio; 01 e 08 de xuño, de 17:00-21:00 horas | María do Carme Otero Folgueira
- AAMMRR A Xuntanza en Ponte Outeiro - Castro de Rei | Curso de torno de madeira | Xoves 07, 14, 21 e 28 de maio e 04 e 11 de xuño, de 19:00-22:00 horas | José Carlos Fernández Yebra
- AAMMRR "Olvido" en Mosteiro - Pol | Curso de coiro | 12, 13, 18 e 20 de maio, de 10:00-14:00 horas | Santiago Besteiro García
- AAMMRR "O Salgueiriño" en Gomeán - O Corgo | Curso de arte floral | Mércores 06, 13, 20 e 27 de maio; 03, 10, 17 e 24 de xuño, de 16:30-19:30 horas | Isabel Pardo Díaz
- AAVV Carballeiras de Bosende



- Curso de cerámica | Os luns e mércores 18, 20, 25 e 27 de maio e 01, 03, 08 e 10 de xuño, de 16:00-19:00 horas | María Isabel Carril Quiroga
- AAVV Santa Mariña de Torible - Lugo | Curso de cestería | Os luns 18 de maio; 01, 08, 15 e 29 de xuño e 06 de xullo, de 16:00-20:00 horas | Beatriz Valín López
- AAVV e Propietarios "O Ponde-

- lo" Carballido | Curso de arte floral | Os días 25, 26, 27, 28 e 29 de maio e 01, 02 e 03 de xuño, de 17:00-20:00 horas | María del Mar Janeiro Tomé
- AAMMRR "Alfinete" de Benade - Lugo | Curso de traxe tradicional galego | Os martes 12, 19 e 26 de maio e 02 e 09 de xuño, de 16:00-20:00 horas | Carmen López Díaz

rábade

O Festival Entrepontes ultima o seu cartel para a edición do 30 de maio

O Festival Entrepontes ultima o cartel da súa edición de 2026, que terá lugar o 30 de maio. A organización confirmou o cartel completo desde o primeiro momento, apostando por unha programación potente e sen concesións, coa intención de converter a xornada nunha experiencia musical intensa e inesquecible. A este cartel únese agora Mirando Flores, que se ocupará da sesión vermú.

O escenario de Entrepontes acollerá as actuacións de bandas e artistas recoñecidos da escena alternativa e independente. Entre os nomes confirmados atópanse Rábade, Parquesvr, Monolious Dop, Ulex, Pladür e Amor Líquido, “unha combinación que promete diversidade sonora e unha forte identidade artística”, din desde a organización. A proposta musical apunta a un festival marcado pola enerxía, a experimentación e o compromiso



coa música en directo.

Desde a organización destacan que o 30 de maio Rábade converterase no epicentro musical da contorna, asegurando que a cita será “un auténtico terremoto” para o público asistente. O Festival Entrepontes consolídase así como unha referencia cultural, convidando a veciñanza e visitantes a comezar desde xa a vivir unha edición 2026 que aspira a deixar pegada.

Presentado o programa de actividades de conciliación para o verán

O Concello de Rábade dá a coñecer o Programa Corresponsabilidade, que inclúe as distintas actividades organizadas para os meses de xuño, xullo e agosto co obxectivo de facilitar a conciliación das familias durante o período de vacacións escolares. As propostas están dirixidas a nenos e nenas de entre 3 e 16 anos. O prazo de inscrición desenvolverase do 4 ao 29 de maio. As solicitudes deberán formalizarse na área de Cultura e Deporte do Concello de Rábade. As prazas son limitadas. As persoas interesadas poden obter máis información no teléfono 982 390 062 (extensión 1) ou no enderezo electrónico asociocultural@rabade.org.

O programa inclúe tres actividades. Unha delas é o Campus de patinaxe, que ten un custo de 30 euros e desenvolverase os días 22, 23, 25, 26 e 29 de xuño no pavillón municipal, en horario de 9:00 a 14:00 horas. Está dirixido a nenos e nenas de 3 a 16 anos.

Haberá tamén un campamento de verán cun prezo de 40 euros, que terá lugar do 6 ao 10 de xullo no Centro Sociocultural, en horario de

10:00 a 20:00 horas. Está dirixido a nenos e nenas de 8 a 12 anos. Tamén haberá un campamento urbano cun custo de 70 euros, entre o 29 de xuño ao 31 de xullo no Centro Sociocultural, en horario de 9:00 a 14:30 horas. Está dirixido a nenos e nenas de 4 a 12 anos. Mocidade en acción contará cun prezo de 15 euros e inclúe actividades o 25 de xuño (visita ao Aquapark de Cerceda) e o 7 de xullo (actividades en Viveiro). Dirixido a mozos e mozas de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO e 1º de Bacharelato.

Aventuras Camp é outra das actividades previstas que terá un custo de 40 euros. Desenvolverase do 3 ao 14 de agosto no Centro Sociocultural, en horario de 9:00 a 14:30 horas e está dirixido a nenos e nenas de 4 a 12 anos. No caso de participar tamén no campamento urbano, o prezo conxunto será de 100 euros. Finalmente, Coñecendo o Miño é unha actividade gratuíta que se desenvolverá do 1 de xullo ao 12 de agosto, os luns e mércores, en horario de 11:30 a 13:00 horas. Está dirixida a nenos e nenas de 8 a 16 anos.

Alertan do perigo que sofren varios petróglifos e bens arqueolóxicos

Adega e Mariña Patrimonio comunicaron á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a situación de “grave risco” que afecta varios bens arqueolóxicos situados na zona de Parada, parroquia de Parada, en Outeiro de Rei, onde se están a desenvolver traballos forestais de corta de piñeiros e está prevista ademais unha nova plantación de eucaliptos.

O caso máis preocupante é o dos Petróglifos de Parada, localizados no punto de coordenadas X 609154, Y 4768054. Sobre a rocha na que se atopan hai troncos dos piñeiros xa cortados, nunha actuación que se está a realizar con maquinaria pesada e sen que se aprecien medidas de precaución ou protección.

Segundo a información da que dispoñen Adega e Mariña Patrimonio, no ano 2020 púxose en coñecemento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a existencia destes petróglifos, confirmouse a súa autenticidade e asignóuselles un código GA, que ambas entidades descoñecen e



por iso non poden achegar. A pesar diso, os petróglifos non foron incorporados nin ao visor do PBA nin ao visor de aproveitamentos forestais, unha circunstancia que incrementa o risco de afección ao non constar a súa existencia. Adega e Mariña Patrimonio advirten tamén de que na mesma zona existen outros bens patrimoniais inéditos para a DXPC que poderían sufrir danos no transcurso destes labores forestais. Por exemplo, no punto X 609177, Y 4767991

localízase a primeira das Medorras de Parada, cunha masa tumular ben definida e conservada. Na súa contorna existe un número significativo de penas con petróglifos tipo coviñas. Ademais, no punto X 609623, Y 4768360 localízase outra das Medorras de Parada, que conserva os chantos da cámara e do corredor, e a súa masa tumular ben conservada. E, no punto X 609281, Y 4768523 localízase a Medorra das Latas, que conserva chantos da cámara.

Convocado o concurso Manuel María de música

A Casa-Museo Manuel María vén de convocar a V nova edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais. O certame ten por obxecto premiar a mellor canción lírica, para voz e piano, escrita sobre un poema de Manuel María.

O concurso está aberto á participación de todas as compositoras e compositores que o desexen, sendo a data límite de presentación dos traballos o 15 de xuño. As composicións deberán ser realizadas sobre un poema de Manuel María, sendo orixinais, inéditas, sen estrear e estar clasificadas dentro da modalidade de canción galega. As cancións estarán escritas, nesta edición, para voz de soprano. O certame convocado conta cun único premio en metálico de 1.000 euros para a composición gañadora ao que hai que engadir a publicación das partituras das cancións finalistas e a súa distribución gratuíta a todos os Conservatorios e Escolas de Música de Galicia.

O concurso desenvolverase en dúas fases. Na primeira o xurado seleccionará un máximo de cinco cancións finalistas que pasarán a unha segunda fase. Na fase final determinarase a canción gañadora entre as designadas como finalistas na primeira fase. Para iso levarase a cabo un acto con concerto no Auditorio da Casa-Museo Manuel María o 3 de outubro.

Aprobada unha nova ordenanza reguladora do viveiro de empresas

O pleno do Concello de Outeiro de Rei aprobou, co apoio do PSOE, unha nova ordenanza reguladora do viveiro de empresas, o que implica a derogación da existente. Segundo explicou o alcalde, José Pardo Lombao, na súa intervención, as modificacións afectan principalmente a aspectos técnicos e á regulación dos prezos públicos, nunha iniciativa coa que se pretende “seguir impulsando” o desenvolvemento económico e o emprego. Pola súa banda, o BNG utilizou a súa quenda de palabra para facer unha listaxe das emendas que presentaron contra a nova ordenanza, puntualizando algunhas das cuestións a debate, entre elas a solicitude de elaborar primeiro unha ordenanza de prezos públicos, algo que o alcalde desmentiu asegurando que xa está aprobada.

O rexedor subliñou que o Concello conta cunha axente de desenvolvemento local e que as novas directrices “van encamiñadas a desenvolver o concello”, e acusou ao BNG de enganar coas súas emendas durante as intervencións. As propostas do BNG, que se votaron en bloque, foron rexeitadas cos votos do PP e

a abstención do PSOE, o mesmo reparto que deu luz verde a esta nova normativa. Outro punto da orde do día foi a moción do PSOE, na que se solicitaba que o Concello de Outeiro de Rei rexeitase o Anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia, “por supoñer unha regresión na autonomía municipal e unha recentralización do poder en favor da Xunta”. Desde o BNG apoiaron esta moción, cualificando de decepcionante o anteproxecto, ao considerar que homoxeneiza o sistema co resto de comunidades e non recolle figuras propias como as parroquias. Tamén advertiron dos problemas de infrafinanciamento dos concellos. “Esta lei vén sen financiamento para as novas competencias e obriga a unha dependencia económica”, aseguraron. O alcalde explicou que o seu grupo non ía apoiar a moción e amosou o seu respaldo ao texto e ás negociacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia. Pardo culpou desta situación non ao anteproxecto, senón ao Goberno central, e pediu á Xunta “que reclame ao Estado unha redistribución de fondos para aliviar as cargas dos concellos”.

friol

A tradicional Feira do Cabalo de Friol celebrárase o 24 de maio

O municipio de Friol prepárase para celebrar o vindeiro 24 de maio unha nova edición da súa destacada Feira do Cabalo, un evento xa consolidado que reunirá a afeccionados ao mundo ecuestre, profesionais do sector gandeiro e público en xeral nunha xornada chea de actividade.

O recinto feiral abrirá as súas portas ás 8:30 horas, dando comezo á xornada cun mercado gandeiro e a tradicional compra-venda de gando equino a partir das 9:00 horas. Ao longo da mañá desenvolveranse distintas probas do concurso morfolóxico, incluíndo categorías de Pura Raza Galega (PRG), cruzados e outras modalidades.

Un dos momentos máis agardados será a competición de andadura tradicional galega (CMG), nas súas modalidades serrada e chapeada, así como a categoría especial sub-16, que busca fomentar a participación da mocidade. As probas continuarán pola tarde con novas categorías de morfolóxico e andadura libre.

A programación completárase cun espazo de lecer para os máis pequenos, que contará con ponis e inchables, así como cunha pausa gastronómica ao mediodía (de 13:00 a 15:30 horas) para gozar do vermú



e xantar.

Como broche final, ás 19:00 horas, terá lugar un gran espectáculo ecuestre a cargo de Miron Bococi, seguido da entrega de premios e dun sorteo final.

Os premios por categoría ascenden a 150€, 100€ e 50€, acompañados de trofeo para os tres primeiros clasificados. Na categoría sub-16, todos os participantes recibirán medalla, con distinción especial para os tres mellores. Ademais, nalgúnhas probas de andadura entregáranse sacos de penso como premio.

A organización lembra que o prazo de inscrición estará aberto ata o 21 de maio ás 24:00 horas, e que todos os participantes deberán presentar

a documentación do animal antes das 11:00 horas do día da feira. Así mesmo, será obrigatorio o uso de casco e cada xinete deberá acudir co libro de titularidade do animal, sendo responsable dos posibles danos ocasionados.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, destacou a importancia desta cita para o municipio: "A Feira do Cabalo é unha das nosas citas máis emblemáticas, que combina tradición, cultura e dinamización económica. É un orgullo ver como cada ano medra en participación e calidade": e destacou o papel do sector: "Este evento serve tamén para apoiar e visibilizar o traballo dos gandeiros e criadores, fundamentais para o noso rural".

O PM Friol B remata campión de grupo e logra o ascenso a Segunda

O equipo filial feminino do PM Friol logrou facerse co título de campión do grupo 4 de Terceira División Galega Feminina tras golear na casa (6-0) no último partido ao Carballedo.

Xunto a este título vén aparelado o ascenso a Segunda, una categoría que deixou na tempada pasada ao quedar.

O equipo friolés logra o título despois dunha intensa tempada, na que a vitoria foi o eixo principal, con 13 partidos de 16, mentres que sufriu 2 derrotas e sumou un empate, precisamente co seu maior rival polo título, o Chantada.

O PM Friol B competiu este ano xunto ao resto de equipos da provincia da mesma categoría, o Monte Forte, o Carballedo, o San Roque e a Comercial, os dous primeiros quedan sen opcións de ascenso a falta dun partido e o lugués pecha a lista.

COPA DEPUTACIÓN. O San Roque e o Xermade serán os dous equipos de Segunda Galicia que xoguen a final da Copa Deputación da súa catego-



ría logo de superar aos seus rivais na ponte do primeiro de maio.

O San Roque desfíxose do Ferreira cun resultado de 1-2 mentres que o Xermade fixo o propio coa Pontenova tamén cun 2-1 como resultado final. Deste xeito, os dous xogarán polo título o próximo 24 de maio, unha vez que remate a Liga regular, da que quedan dúas xornadas. Ningún dos dous equipos está situado para o ascenso.

Non houbo competición na categoría de Preferente en Primeira, que xogarán as súas semifinais na

mesma data do 24 de maio, para facer a final ao fin de semana seguinte. Na feminina, xa hai finalistas desde primeiros de abril, o Milagrosa e o Antas, que xogarán esta final a próxima fin de semana, o domingo 10 no Luis Gorgoso.

Na xuvenil houbo competición e o Lourenzán será un dos finalistas da última sesión de Copa, logo de derrotar ao Antas por contundente 2-6 este sábado. O día 10 disputárase a outra semifinal, entre Río Ouro e Sarriana, que tamén farán a final o día 23.

pol

O PSdeG mobilizou á veciñanza para reclamar cobertura médica



O PSdeG de Pol mobilizou á veciñanza diante do centro de saúde para reclamar ao Sergas a cobertura inmediata da praza de médico que continúa sen cubrir tras a xubilación dun dos facultativos. Na concentración, encabezada polo alcalde socialista, Lino Rodríguez, participaron veciñas e veciños de Pol, así como representantes institucionais, alcaldes e alcaldesas e cargos socialistas da contorna.

Durante a mobilización, as e os socialistas denunciaron que Pol segue cunha das dúas prazas médicas sen cubrir tras a xubilación dun dos facultativos. Unha situación que está a provocar unha atención inestable, con profesionais distintos segundo o día e mesmo con xornadas sen consulta.

O alcalde de Pol advertiu de que esta situación evidencia "o deterioro da sanidade pública e a falta de compromiso do PP da Xunta coa atención primaria no rural". "Pol ten dereito a contar cos dous médicos que lle corresponden. Non pode haber veciños e veciñas de primeira e de segunda en función do facultativo que toque ou do día no que necesiten ser atendidos",

afirmou.

Rodríguez subliñou ademais que a veciñanza leva tempo reclamando unha solución sen obter resposta por parte do Sergas. "O rural non pode seguir pagando a falta de planificación da Xunta. Estamos a falar dun servizo básico e dun dereito que hai que garantir en igualdade de condicións, vivas onde vivas", engadiu.

Dende o PSdeG reclaman ao Goberno galego a cobertura inmediata da praza vacante e esixen que se garanta unha atención sanitaria estable e de calidade no centro de saúde de Pol, cos dous facultativos que lle corresponden ao municipio.

O SERGAS. O director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, Alfredo Silva, remarcou no Parlamento de Galicia que a calidade e continuidade da asistencia en Pol está garantida grazas ao modelo de proximidade.

O responsable autonómico apuntou que o servizo funciona con total normalidade e que, tanto a atención das urxencias, como da actividade programada están plenamente garantidas.

Celebrouse unha comida de maiores no pavillón rehabilitado

O Concello de Pol retomou a celebración da tradicional Comida da Terceira Idade tras varios anos sen celebrarse, nun evento que serviu para estrear o pavillón municipal recentemente rehabilitado.

A cita reuniu arredor de 290 persoas, entre as que se atopaban veciños e veciñas, así como representantes da corporación municipal, nunha xornada marcada pola convivencia. O encontro permitiu recuperar unha das celebracións máis agardadas

pola poboación maior, consolidándose como un espazo de socialización e participación. O alcalde, Lino Rodríguez, destacou a importancia de promover esta iniciativa, que favorece o benestar dos maiores, subliñando a necesidade de ofrecerlles espazos de encontro e actividades. Tamén puxo en valor as melloras realizadas no pavillón, salientando a boa insonorización das instalacións, aínda que avanzou que quedan actuacións pendentes.



O Concello recibe unha subvención para a mobilidade e reciclaxe

A Xunta de Galicia, a través de Agader concedeu ao Concello unha subvención do 100 %, para un proxecto de Mellora da Accesibilidade, Mobilidade, Sinalización e Reciclaxe de Residuos no Conxunto Histórico.

A actuación que conta con un orzamento de 152.629,40 euros e que resultou beneficiada co 100% do importe subvencionado, cun máximo de 100.000 euros, está destinada a mellorar as beirarrúas e accesibilidade na Praza Maior por ambas marxes ata a rúa Poeta Crecente Vega na Ponte sobre o río Azúmara. Tamén engade os accesos á Praza da Igrexa e rúa Amigos da Feira, na que se inclúe a renovación do firme ata o tramo da Antiga Feira.

Na actuación tamén se mellorará a sinalización horizontal e vertical, cambiando sentidos de circulación de vehículos e favorecendo o tránsito peonil.

Ademais, crearase un itinerario peonil que atravesará a Praza Maior, coa colocación de dous aparcadoiros de bicicletas na Praza Maior e na rúa Amigos da Feira, renovando

a instalación do alumeadado público, reorganizando os puntos de recollida de lixo e creando unha zona axardinada na rúa Amigos da Feira. A mellora de beirarrúas contempla a adaptación das mesmas á normativa vixente de accesibilidade, incrementando a súa anchura nos puntos onde sexa posible, creando vados peonís e itinerarios continuos que permitan desprazarse polo núcleo.

A sinalización horizontal e vertical da zona de obras será mellorada mediante a colocación de novos elementos que regulen o tráfico de vehículos nunha dirección e limiten a velocidade de circulación para favorecer o calmado do tráfico. Igualmente pintaranse e sinalizaranse novos pasos de peóns e se renovará a sinalización horizontal e vertical de aparcadoiros reservados a persoas con mobilidade reducida. En materia de recollida de residuos preténdese establecer un único punto de recollida de lixo na contorna da Praza Maior, situado na marxe dereita integrado no entorno e que reduza o impacto visual.

Castro de Rei inviste uns 280.000 euros na rexeneración de estradas

O Concello está a executar un conxunto de actuacións de rexeneración e mellora das vías cun investimento total de 282.736 euros, repartido entre distintas parroquias do municipio. Estas intervencións teñen como obxectivo principal garantir o bo estado da rede viaria e facilitar os accesos tanto á veciñanza como ás explotacións agrogandeiras.

Unha parte dos traballos lévase a cabo con cargo ao Plan Camiña Rural 2025-2026 de Agader, cun investimento de 115.000 euros destinado á rexeneración de vías de titularidade municipal nas parroquias de Orizón, Pacios e Ponte de Outeiro.

Por outra banda, ao abeiro do Plan Único da Deputación correspondente ao ano 2025, están en marcha obras de pavimentación, rexeneración e mellora de camiños nas parroquias de Triabá, Duarría, Loentia, Ludrio, Balmonte, Bazar, Outeiro, Pacios e San Martiño de Goberno, cun



orzamento de 163.758 euros.

Dende o goberno local subliñan a importancia de manter en boas condicións as vías municipais, especialmente nun concello cunha ampla dispersión territorial e cun importante peso do sector primario. Neste sentido, destacan que estas actuacións resultan fundamentais para garantir a mobilidade no rural e facer fronte ao desgaste que sofren os camiños tanto polo tránsito

continuado como polas condicións meteorolóxicas adversas, especialmente durante os meses de inverno e primavera, cando as choivas intensas provocan danos significativos na rede viaria.

As actuacións enmárcanse na estratexia municipal de conservación e mellora das infraestruturas básicas, co fin de asegurar a funcionalidade e seguridade das comunicacións no conxunto do territorio.

Solicitan a cesión da estrada entre Castro Ribeiras de Lea e Matodoso

O Concello solicitou perante a Deputación a cesión dunha franxa de terreo na parcela da Granxa Gaioso Castro, paralela á estrada municipal que une esta localidade con Matodoso, coa finalidade de ampliar a vía municipal no ancho suficiente para permitir o correcto tránsito de vehículos e peóns.

Dende o Concello mantiveron unha reunión coa presidenta da Deputación en semanas pasadas na que lle

propuxeron a necesidade municipal para ámbalas dúas localidades, así como o feito de que o Concello levaba varios anos intentando unha reunión co anterior presidente do ente provincial, sen ter a posibilidade de conseguilo.

O proxecto que ten o Concello para a estrada que une Castro con Matodoso, que conta con unha lonxitude de 2 quilómetros, consiste en ampliar a mesma nunha anchura de 4 metros

coa finalidade de aumentar o ancho dos carrís, así como unha zona peonil en toda a marxe dereita da estrada que facilite o tránsito peonil, logrando con iso unha vía máis accesible, máis segura e facilitando unha mellor comunicación.

Xunto coa solicitude de cesión, o Concello remitiu a planimetría correspondente na que se especifica o ancho solicitado na parcela da Deputación Provincial.

Luz verde da Xunta para a creación da Colección Margarita Ledo

O Consello da Xunta deu luz verde ao acordo para a creación e cualificación da Colección Museográfica Margarita Ledo Andión, xestionada pola fundación homónima e que pasará así a integrarse no Sistema galego de centros museísticos. Trátase dun espazo que estará dispoñible no concello de Castro de Rei e que estará dedicado a difundir o coñecemento da figura da escritora e cineasta e do seu legado literario, artístico, fotográfico e filmográfico, converténdose no primeiro centro museístico do sistema dedicado a unha intelectual contemporánea.

Para a súa incorporación, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude tivo en conta o papel do centro como dinamizador da vida social e cultural da vila de Castro de Rei, esencialmente rural, achegando a toda a comarca a obra de artistas e outros que empezan a destacar, e favorecendo a inclusión neste territorio, en liña cos obxectivos da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Deste xeito, esta nova incorporación súmase ás 23 coleccións rexistradas actualmente nesta rede e que se

corresponden con aquelas que, sen reuniren os requisitos propios para funcionar como un museo, si cumpren con criterios museográficos, aos 71 museos e aos catro centros de interpretación do patrimonio cultural existentes na nosa Comunidade.

A colección museográfica Margarita Ledo está formada por obras de arte contemporánea de artistas, tanto galegos como nacionais e internacionais, e inclúe pinturas, gravados, fotografías, esculturas, cerámicas e fondos filmográficos. Conta, ademais, cunha importante biblioteca.

AXENDA DE ACTIVIDADES

NOITE DOS MUSEOS. O Museo do Castro de Viladonga celebrará o sábado 9 de maio a Noite dos Museos. A xornada dará comezo ás 17.00 horas con xogos e obradoiros ambientados na época galaico-romana, actividades que estarán dirixidas por Miriam Fernández e Rubén Carricoba, de Clío Xestión Cultural. Ás 18.00 horas será a quenda da actuación musical de Os do Campo, mentres que ás 19.00 horas subirán ao escenario Fransy González e Davide Salvado, dous recoñecidos nomes da música tradicional galega. A programación concluirá ás 20.30 horas cun encontro arredor de petiscos, bebidas e queimada.

XORNADA DE CONVIVENCIA. As ANPAS do CEIP Veleiro Docampo e do CEIP Ramón Falcón celebrarán o sábado 16 de maio unha xornada de convivencia no aeródromo de Rozas dirixida ás familias socias de ambas asociacións. A actividade comezará ás 16:30 horas e contará con distintas propostas lúdicas e educativas. Durante a tarde, os asistentes poderán visitar o hangar do aeródromo e os nenos e nenas terán a oportunidade de subir nos helicópteros. Ademais, organizaranse xogos ao aire libre e haberá unha merenda para todos os participantes. As familias deberán desprazarse polos seus propios medios ata o aeródromo de Rozas.

castroverde

Aberto o prazo de inscrición para o campamento de verán

O Concello de Castroverde vén de abrir o prazo de inscrición para o seu campamento de verán, unha proposta dirixida á conciliación familiar durante os meses estivais e que se desenvolverá entre o 1 de xullo e o 31 de agosto. A organización ofrece a posibilidade de participar por períodos quincenais tanto en xullo como en agosto, co obxectivo de adaptar a oferta ás necesidades das familias.

As actividades levaranse a cabo en diferentes espazos do municipio, entre eles o pavillón polideportivo A Ferrería, a área recreativa da Veiga do Olmo e as piscinas municipais, ademais doutros emprazamentos que se utilizarán segundo a programación.

O campamento funcionará de luns a venres, en horario de 8:00 a 14:00 horas, agás festivos. A entrada dos participantes realizarase no pavillón polideportivo entre as 8:00 e as 10:30 horas, mentres que a reco-



llida será entre as 13:30 e as 14:00 horas, salvo indicación contraria por parte do persoal monitor. As solicitudes poderán presentarse ata o 15 de maio, empregando o modelo dispoñible nas oficinas municipais e na páxina web do Concello. A inscrición poderá formalizarse de maneira presencial, en horario de mañá, ou a través da sede electrónica.

O custo do campamento establécese en 120 euros por mes, aínda que os nenos e nenas empadroados en Castroverde cunha antigüidade mínima de tres meses poderán beneficiarse dunha bonificación do 50 %, reducindo o prezo a 60 euros mensuais. No caso de optar por quincenas, aplicarase a metade da tarifa correspondente.

O BNG de Castroverde critica a retriacción do uso do pavillón

O BNG de Castroverde cuestiona a decisión do goberno municipal de limitar o uso do pavillón municipal unicamente ás actividades deportivas organizadas polo propio Concello. A formación nacionalista critica que esta medida deixaría fóra asociacións, clubs de fútbol e outros colectivos que empregan habitualmente estas instalacións para desenvolver a súa actividade deportiva e social. Segundo explica o BNG, esta decisión coñeceuse tras o envío dun

documento ás familias no que se indicaba que as actividades que se realizarán no pavillón serán exclusivamente as promovidas polo goberno municipal. Para a voceira municipal nacionalista, Iria Castro, esta medida supón “un paso atrás” na promoción do deporte base e da participación comunitaria no concello. A portavoz considera que o pavillón é unha infraestrutura pública financiada con fondos de toda a veciñanza e, por tanto, entende que non se pode res-

trinxir o seu uso “de maneira unilateral” sen ofrecer antes unha explicación razoada dos motivos que levan ao Concello a adoptar esta decisión nin dialogar previamente cos colectivos afectados. Desde o BNG advirten de que estas “continuas restricións” no uso das instalacións deportivas poderían afectar á continuidade de equipos e actividades nas que participan nenos e nenas do municipio, ademais de prexudicar o labor de entidades que contribúen á dinamización deportiva e social da vila.

Castroverde acollerá o Maratón de Fútbol Sala os días 12, 13 e 14 de xuño

O Castroverde Fútbol Sala organiza unha nova edición do Maratón de Fútbol Sala de Castroverde, que se celebrará os vindeiros días 12, 13 e 14 de xuño no municipio de Castroverde. O torneo, que cada ano reúne a decenas de equipos procedentes da comarca e doutras zonas, promete unha fin de semana marcada pola emoción deportiva, o bo ambiente e o carácter festivo que xa o consolida

como unha das citas destacadas do fútbol sala afeccionado.

A organización avanza que a inscrición será ata o día 10 de xuño e a participación ten un custo de 150 euros por equipo, sendo imperativo que se apuntes, polo menos, 24 equipos ao maratón.

Con respecto aos premios, o equipo gañador recibirá 1.000 euros e trofeo, mentres que o segundo clasifi-

cado será premiado con 500 euros e trofeo. O terceiro posto levará 200 euros e trofeo, o mesmo ca o cuarto, e os equipos situados do quinto ao oitavo posto recibirán 150 euros. As persoas interesadas en participar poden formalizar a súa inscrición a través dos teléfonos 690 128 689 e 626 278 946, ou mediante o correo electrónico castroverdefsa@hotmail.com.

o corgo

A Asociación de Laxosa Airamonte organiza unha comida veciñal



A Asociación de Veciños de Laxosa Airamonte, do Corgo, organiza a segunda edición da súa comida veciñal, unha cita que busca reforzar os lazos entre a veciñanza e ofrecer unha xornada de convivencia chea de actividades.

O evento terá lugar o vindeiro 16 de maio, a partir das 13:00 horas, coa actuación musical da banda EGS “El Gran Showman”, que será a encargada de poñer

ritmo á xornada desde o inicio. A comida dará comezo ás 14:30 horas e contará cun menú variado composto por lacón, empanadas, paella de costela e sobremesa, ademais de bebida, café e chopp incluídos.

A organización tamén habilitará servizo de bar durante todo o día, con sesión vermú e tardeo, así como a actuación de Manuel Santín, que contribuirá a animar o ambiente festivo.

portomarín

A Deputación de Lugo está a mellorar a estrada LU-P-4905 entre Portomarín e Taboada

A Deputación de Lugo está a levar a cabo obras de mellora na estrada provincial LU-P-4905, que conecta os concellos de Portomarín e Taboada. Esta intervención céntrase nos primeiros 10,5 quilómetros da vía, ao seu paso polo termo municipal de Portomarín.

A execución da obra inclúe a reapertura de cunetas, o saneo da explanada e a renovación do firme mediante pavimentación. O obxectivo principal é mellorar a seguridade viaria e as condicións de circulación neste treito da rede provincial, que soporta un volume constante de desprazamentos.

Esta intervención dá continuidade a un proxecto anterior de mellora da mesma estrada, que

xa afectara a outro tramo cun investimento de 200.000 euros. Co conxunto destas actuacións, a Deputación de Lugo prevé completar a renovación integral da LU-P-4905, unha vía considerada clave para a conectividade da zona.

Trátase dunha obra de especial relevancia para a mobilidade local, xa que esta estrada funciona como principal vía de comunicación entre Portomarín e Taboada e dá servizo directo a numerosas parroquias da súa área de influencia. A mellora permitirá facilitar os desprazamentos diarios da veciñanza, incrementar a seguridade viaria e reforzar a cohesión territorial e a conectividade entre ambos municipios.

Antas de Ulla: Pilar García

“Quero seguir sendo para os meus veciños Pili de Antas”



Pilar García Porto leva catro anos á fronte da Alcaldía de Antas, un tempo no que se fixo un gran traballo para afrontar a débeda existente no concello, así como mellorar os servizos

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.

A ideoloxía de esquerdas estivo presente na miña casa desde pequena, sobre todo a través da miña nai, que era mestra. Despois de marchar a estudar e traballar fóra de Antas de Ulla, decidín volver e decateime de moitas carencias que había en Antas e tamén dun entorno político pouco aberto, polo que no ano 2007 inicié un proxecto cun grupo de compañeiros e compañeiras, vinculada ao Partido Socialista, xa que era a ideoloxía na que fun criada na casa.

Como deu o salto o recibiu o impulso para ser alcaldesa?

Desde o ano 2007 levamos un grupo de persoas traballando intentando non crispar e traballando pouco a pouco pero sen pausa ata chegar ata

aquí, hai xente que viña de etapas anteriores, outras que se incorporaron e intensificando o labor de oposición ata chega á Alcaldía no 2023.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

Hai que afrontar este traballo como calquera outro, coa dedicación que require, sabendo que se traballa para os demais. Iso implica uns horarios máis abertos e unha maior dispoñibilidade en calquera momento.

E beneficios?

É reconfortante poder axudar as persoas no día a día e traballar cun equipo de profesionais como o que temos en Antas de Ulla. Creo que, máis alá do que cada quen pense ou sinta, todos compartimos unha vocación de servizo público, tanto desde a parte política como desde a parte técnica e funcional do concello. Para min, a clave é que todos somos de aquí, que sentimos un apego positivo polo noso concello e polo noso territorio, e iso é o que nos fai avanzar.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Forma parte do día a día da miña vida. Para min, compatibilizalo é doado porque xa vivo aquí. Neste momento colaboro na atención da miña nai, que é unha persoa dependente, e ata hai dous meses tamén o facía co meu pai, pero consigo compatibilizalo dando un paseo, falando cos veciños e coas familias. Desfruto de cada evento ao que podo asistir; é algo que fago na miña vida habitual porque me gusta, porque me gusta o que se fai no meu pobo.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

En política, eu non creo nos grandes obxectivos, e moito menos nos obxectivos a moi longo prazo. Si é certo que a Alcaldía de Antas era un obxectivo, non por min en primeira persoa, senón por unha necesidade que un equipo de persoas, a nivel social, víamos como necesaria, e así se constatou. Creo que unha parte importante da poboación valora



positivamente ese cambio, máis alá de que non se poida facer absolutamente todo o que se desexa. Pero considero que está ben valorado e ese era o obxectivo. A nivel persoal, eu non ambiciono nada. Creo que a política sempre me deu moito máis do que pensei e do que ambicionei, e síntome afortunada de ter participado en todos e cada un dos cargos e procesos dentro do meu partido. Estou plenamente satisfeita con todo o aprendido e con todo o que me regalou a política.

E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?

O primeiro que nos gustaría destacar é que buscamos a estabilidade económica do concello, puxemos ao día todo o sistema de abastecemento de augas e estamos a facer un esforzo para mellorar a recollida do lixo. Pero os grandes obxectivos do próximo mandato para nós son catro.

O primeiro é unha aposta por fixar e atraer poboación a través do emprego, impulsando o turismo e o auto-emprego. Outro pilar é a conciliación da vida laboral e familiar, que debe ser práctica e non pode supoñer un custo engadido para as familias, porque hoxe en día é máis caro vivir no rural que na cidade. Tamén queremos frear o deterioro asociado ao envellecemento a través de obradoiros e actividades que xa temos organizadas en varios puntos do concello para persoas maiores. Por último, tamén queremos seguir mellorando os servizos públicos para a veciñanza. Neste sentido, imos continuar avanzando para ser exemplares no mantemento das estradas, e imos seguir traballando na recollida do lixo. Ademais, avanzaremos en saneamento, aínda que é unha área complexa porque na actualidade apenas existen axudas públicas para estas actua-

cións. En urbanismo estamos agora co plan básico, que previsiblemente se materializará no seguinte mandato. Estas son as claves.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

Nos concellos pequenos temos unha fonte de financiamento moi limitada, xa que contamos coas achegas do Estado, da Xunta de Galicia e o que recadamos a través dos impostos. Por iso, a nivel de financiamento, considero que cada administración debe asumir as súas competencias na súa totalidade. Outra cuestión importante é o canon da auga que se cobra a todos os veciños e veciñas. Debería repercutir parcialmente nos concellos, xa que son os que xestionan o servizo.

De que proxectos se sente máis orgullosa?

Síntome moi orgullosa da capacidade que tivemos para afrontar os problemas económicos derivados dunha gran débeda. E no relativo a obras, o abastecemento de augas e a recuperación do 100 % da rede de estradas municipais. Tamén a creación de novos espazos para a cultura, a apertura da Casa Cuartel e a recuperación da cuberta dun pavillón polideportivo. E todo o relacionado coa conciliación das familias, tanto no referente á poboación infantil como ás persoas maiores.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcaldesa?

Eu creo que os veciños o que teñen que valorar é que eu me considero unha veciña máis que ostenta a Alcaldía e que ten que traballar para mellorar o que é de todos. A min a xente coñécese como Pili de Antas, e para os meus veciños quero seguir sendo Pili de Antas. Agora tócame traballar para eles, e ese é o meu compromiso.

DATOS

HABITANTES: 1.822.

PARROQUIAS: 28.

EXTENSIÓN: 103,6 km².

PARTIDO XUDICIAL: Chantada.

CORPORACIÓN: 5 concelleiros do PSOE e 4 do PP.

ALCALDE: Pilar García Porto.

VOCEIRO PP: Javier Varela.

EN CLAVE PERSOAL

• **Idade, estado civil e familiar**
51 anos, divorciada e sen fillos, pero son filla

• **Profesión e formación**
Técnico en Hostalería e Turismo, pero decidín incorporarme á explotación do meu irmán e ese foi o meu retorno, preocupame que a xente de Antas se teña que ir

• **E se non o fose, que lle gustaría ser?**

Veterinaria, pero escollín letras

• **Que quería ser de maior?**

Veterinaria

• **Que fai para desconectar?**

Gústame moito estar na casa, saio a pasear, vexo cine...

• **Unha virtude e un defecto**
Capacidade de traballo e serenidade para afrontar os problemas; e non saber parar

• **Un consello para compartir**
Que cada un viva a vida no momento que poida facelo

• **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**

‘El nombre de la rosa’; a música pop dos 80; ‘Seven’

• **Unha afección**

Correr

• **Un lugar que visitar**

Egipto

• **Unha comida e unha bebida**

Auga ou cervexa; e cocido ou carne asada

• **Unha personaxe admirada**

Zapatero

• **Unha posesión prezada**

A miña vivenda

• **Un desexo**

Ter saúde, vivir feliz e ser feliz

• **Algo para esquecer**

Espero que pasen pronto os tempos convulsos que vivimos a nivel mundial

• **Que é o que máis valora nunha persoa?**

A honestidade

• **Un desafío pendente**

Viaxar máis

• **Onde se ve en cinco anos?**

En Antas, seguro, non sei se na Alcaldía, pero aquí

LETRAS GALEGAS 2026

Begoña Caamaño

A RAG escolleu a Begoña Caamaño no pleno ordinario no que tamén se valoraron as candidaturas de Antón Tovar, Miguel González Garcés e Enrique Labarta Pose

A Real Academia Galega dedicarlle o Día das Letras Galegas 2026 a Begoña Caamaño (Vigo, 14 de outubro de 1964 – Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2014). Así o decidiu a institución no pleno ordinario no pazo municipal de María Pita (A Coruña), unha sesión na que tamén se valoraron as candidaturas de Antón Tovar, Miguel González Garcés e Enrique Labarta Pose. A RAG celebrará a narradora, autora serodia de dúas novelas nas que reescribiu os mitos da Odisea e o artúrico, e mais a xornalista, nun momento en que urxe reconstruír o espazo dun xornalismo para a cidadanía, comprometido coa verdade e co uso do galego. Coa lembranza de Begoña Caamaño, as Letras 2026 serán unha festa asomada á contemporaneidade, á pulsión do presente e á ollada feminista que vertebrou o seu pensamento, o seu traballo intelectual e a súa biografía.

A proposta de Begoña Caamaño foi presentada polas académicas Ana Romaní, Marilar Aleixandre, María López Sánchez, Margarita Ledo Andión, Chus Pato e Francisco Fernández Rei. De acordo cos estatutos da RAG, discutíuse canda as outras tres formalizadas na primeira xuntanza ordinaria do

pleno da institución tras a sesión extraordinaria do Día das Letras Galegas, que tivo as cantareiras e a poesía popular oral como protagonistas. A que se homenaxea no 2026 é de novo unha voz feminina, desta volta a dunha autora en singular pero que escolleu proxectarse no colectivo da palabra literaria e da voz xornalística.

“Literatura e xornalismo son na autora instrumentos para o coñecemento, outra forma de reflexión e acción, desde o rigor do saber, o estimulante exercicio da razón e a complicidade da maxia e dos soños”, reza o texto da candidatura aprobada. “A figura de Begoña Caamaño dialoga hoxe cunha parte moi activa da profesión xornalística e literaria, traslada outra experiencia de ambas as dúas. Cómplice dese tecido de voces que é a literatura, coma colchas tecidas con retallos, voz coral na que se recoñece, entrégase á narrativa sen desoír a interrogación da xornalista e a esixencia da lectora”, prosegue.

A de Caamaño é así unha obra para a ética, para o movemento, para o pensamento crítico, para un país e un idioma que cultivou con precisión e esmero, conclúen as propoñentes, que subliñan a imposibilidade de delimitar



seccións na súa traxectoria. “A constante implicación con causas sociais, culturais e políticas perfilan unha biografía movida por unha magnética paixón vital de lúcida intelixencia e xenerosa determinación. Atenta lectora da realidade social, audaz nas súas formulacións, vibrante no debate, Begoña Caamaño, viaxeira curiosa

No arquivo da autora consérvase documentación para os proxectos literarios que tiña en mente no momento do seu pasamento

á procura do encontro co outro, do recoñecemento da diferenza, implícase na defensa dos dereitos humanos, o pacifismo, a solidariedade, a dignidade, a liberdade, con sólidas conviccións mobilízase na crítica da inxustiza social, as opresións, o poder o os seus abusos, as desigualdades e os privilexios”, abundan.

A NARRADORA

Begoña Caamaño debutou na madurez como narradora, aos 45 anos de idade, con *Circe ou o pracer do azul* (2009). A este título seguiuille *Morgana en Esmelle* (2012), cuxa publicación cadrou co diagnóstico do cancro que acabou dous anos despois coa súa vida, cando acababa de facer os 50 anos. A súa segunda e derradeira novela foi recoñecida co Premio

Ánxel Casal ao mellor libro de ficción 2012 da Asociación Galega de Editores, o Premio da AELG á mellor obra de narrativa 2012, o Premio da Crítica de narrativa galega da Asociación Española de Críticos Literarios 2012 e o Premio Losada Diéguez de creación literaria 2013. No arquivo da autora consérvase documentación para os proxectos literarios que tiña en mente no momento do seu pasamento, entre eles unha novela arredor da figura de Sherezade e mais a recreación da vida da súa bisavoa.

En *Circe ou o pracer do azul*, Caamaño inicia o camiño da reescritura de mitos desde a perspectiva feminista, e faíno traendo das marxes ao centro dous personaxes da Odisea, Penélope e Circe, a dona e a amante de Ulises. No ronsel da Penélope de Xohana Torres (1929-2017), agora as protagonistas subverten os roles que a tradición lles atribuíra e tecen unha relación de complicidade. Con *Morgana en Esmelle*, Begoña Caamaño propón unha reflexión contemporánea sobre o poder e a ética e completa unha novela contra a impunidade partindo doutro mito, a materia de Breñaña, e tomando prestados a voz narrativa e outros elementos de Merlín e familia de Álvaro Cunqueiro.

“Quixen formular un debate contemporáneo, sobre que modelo de sociedade queremos”, explicou a autora sobre esta obra.

A XORNALISTA

Canda a creadora, as Letras Galegas 2026 tamén celebrarán a Begoña Caamaño xornalista, nun

momento en que urxe reivindicar o xornalismo como profesión crítica e comprometida coa verdade, o rigor e a calidade, apoiar a independencia e o profesionalismo dos medios de comunicación públicos, e mais promover o uso do galego en todo tipo de medios. A protagonista do vindeiro 17 de maio representa todos estes valores, que cultivou ao longo dunha traxectoria profesional que arrincou no seu Vigo natal.

O barrio do Calvario foi o territorio emocional da infancia e da formación na mocidade. Tras estudar o bacharelato no actual IES Alexandre Bóveda (Coia II) e titularse en Maxisterio, en 1986 comezou a exercer como xornalista nos servizos informativos da emisora viguesa Radio Noroeste e tamén traballou, na mesma cidade, en Radio Popular, antes de se incorporar en 1989 á Radio Galega. Na emisora pública formou parte dos servizos informativos ata a súa incorporación ao Diario Cultural, e tamén presentou e dirixiu os programas *Andando a terra*, *Club Cultura* e *Expreso de Medianoite*. Alén da radio, traballou para a Axencia Galega de Noticias e asinou colaboracións en *El Sol*, *A Nosa Terra*, *Tempos novos* e *Novas da Galiza*. Ante o micro ou sobre o papel, Caamaño cultivou sempre a precisión dos datos e da escrita, a consciencia da responsabilidade social do xornalismo, convencida da súa función de servizo público, tanto nos medios públicos coma nos privados. Foi ademais presidenta do Comité Interempresas da CRTVG e unha das impulsoras da Asociación de Mulleres Galegas na Comunicación.



DEPORTES

O Dez Portas TM logra a permanencia en 1ª División Nacional



O equipo Dez Portas Tennis de Mesa conseguiu por primeira vez a permanencia na 1ª División Nacional masculina, un fito que chega tras unha tempada marcada pola esixencia e a superación constante. O obxectivo acadouse despois de meses de competición intensa, con encontros moi disputados e momentos de dificultade nos que o conxunto soubo manter a confianza e a competitividade.

A traxectoria do equipo estivo definida pola capacidade de resistencia e polo compromiso colectivo, factores que permitiron superar situacións adversas ao longo da campaña. A pesar dos obstáculos, o grupo mantivo unha liña de tra-

ballo firme, sen renunciar en ningún momento ás súas aspiracións, o que acabou traducíndose nun resultado histórico para o club.

Este éxito leva o nome de todos os xogadores que formaron parte do cadro durante a tempada, entre eles Martin, Tiago, Ramon, Alejandro, Uxio, Manuel, Nicolas, Roman, Claudio, Mateo, Oliver e Daniel, cuxa implicación foi determinante para acadar a permanencia.

Un papel destacado tivo tamén o adestrador Cláudio Mendes, responsable de dirixir ao equipo durante todo o curso e peza clave na consecución deste obxectivo, que marca un antes e un despois na historia do Dez Portas Tennis de Mesa.

Abre o prazo de inscrición para o IX campamento de Xadrez

A Asociación Cultural Xaquedrum e a Escola Luguesa de Xadrez abren o prazo de inscrición para a IX edición do campamento 'Xadrez e moito máis', unha proposta destinada a nenos e mozos de entre 4 e 16 anos que terá lugar este verán en Lugo.

A actividade será nas instalacións do CEIP Illa Verde entre o 23 de xuño e o 1 de agosto, en horario de 09:00 a 14:00 horas, con opción de ampliación pola mañá e pola tarde.

O campamento conta coa colaboración da Deputación de Lugo, o Concello de Lugo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, o CEIP Illa Verde e Deporte Galego-Xunta de Galicia.

A iniciativa busca promover a práctica do xadrez desde idades temperás, salientando os seus beneficios na concentración, a creatividade e o desenvolvemento intelectual, ao tempo que facilita a conciliación familiar durante o período estival.

O programa combina o ensino do xadrez, adaptado ás distintas idades, con actividades de tempo libre, propostas deportivas e iniciativas creativas como manualidades, contacontos ou a creación de xogos e pezas con materiais reciclados.

O campamento estrutúrase en tres grupos: Xadrez Divertido, entre 4 a 7 anos; Xadrez Máxico, entre 8 a 12 anos; e o Campus de Xadrez, destinado a mozos de 13 a 16 anos, cada un con contidos específicos adaptados ao seu nivel. No grupo de Xadrez Divertido, os pequenos combinarán as primeiras noicións do xogo con actividades. Os participantes de Xadrez Máxico participarán en concursos, torneos e xogos, e realizarán actividades deportivas e manualidades. No Campus de Xadrez, os mozos recibirán formación máis avanzada, participarán en torneos internos e desenvolverán propostas deportivas e de lecer.

Lugo acolle o campionato de España de Seleccións Autonómicas de voleibol

O Campionato de España de Seleccións Autonómicas (CESA) de voleibol base 2026, celebrarase en Lugo entre o 25 e o 28 de xuño e que converterá a cidade nun dos principais escenarios do deporte base a nivel estatal.

O campionato, considerado a competición máis importante do voleibol base en España, reunirá seleccións de 17 comunidades autónomas nas categorías infantil e cadete, tanto masculina como feminina nas pistas do Pavillón Municipal, no Palomar e na Casa do Deporte. En total participarán 76 equipos e arredor de 1.300 persoas entre deportistas, técnicos e persoal federativo, ás que se sumarán milleiros de acompañantes, superando as 3.000 persoas durante os días de competición.

A organización desenvolverase en distintas instalacións deportivas da cidade. O Pavillón Municipal será o escenario das finais, mentres que o Polideportivo Municipal Casa do Deporte, o Polideportivo Municipal O Pombal e o Pazo de Feiras e Congresos de Lugo acollerán parte dos encontros ao longo do torneo.

O exalcalde destacou que este evento sitúa a Lugo no mapa do deporte



base estatal e pon de relevo a capacidade da cidade para acoller grandes citas deportivas con garantías organizativas e infraestrutura axeitada. Sinalou tamén que non se trata só dun evento deportivo, senón dunha oportunidade para impulsar a proxección da cidade e dinamizar a economía local. O ex alcalde incidiu ademais no impacto económico que se agarda para a cidade, que estimou en máis dun millón de euros, debido á chegada de milleiros de visitantes que repercutirán directamente en sectores como a hostalaría, o comer-

cio e os servizos.

Pola súa banda, o exconcelleiro de Deportes subliñou o traballo realizado para facer posible a chegada do campionato a Lugo, destacando a coordinación entre institucións e federacións, a experiencia organizativa e a rede de instalacións deportivas. Pola súa parte, a deputada Iria Castro, encadrou "o apoio á competición no compromiso da Vicepresidencia da Deputación co tecido deportivo lucense, que se fortalece con eventos como este, que o sitúan cono referente a nivel estatal".

O circuío Jorge Prado acollerá o Campionato galego-asturiano

O circuío municipal Jorge Prado de Lugo será o escenario dunha nova proba do Campionato Galego-Asturiano de motocross, que se celebrará o vindeiro 30 de maio baixo a organización de Motopark Lugo.

A competición reunirá pilotos de diferentes categorías, consolidándose como unha das citas destacadas do calendario para os afeccionados a esta disciplina. O evento contará con participación en modalidades como Elite MX1 e MX2, así como outras categorías inferiores e de veteranos, ademais da presenza de pilotos afeccionados e da categoría feminina.

Esta proba enmárcase dentro do circuío autonómico compartido entre Galicia e Asturias, que cada ano reúne a numerosos deportistas e seguidores do motocross, contribuíndo á promoción deste deporte e á dinamización da actividade deportiva na contorna.

O CHL Meigas sénior feminino fai historia e proclámase campión de Liga



O equipo sénior feminino do CHL Meigas fixo historia ao proclamarse campión de Liga tras conquistar a fase de ascenso disputada no pavillón Daniel Cordido de Lugo.

Na semifinal, o CHL Meigas enfrontouse ao Brigantium de Arteixo, equipo que rematou na cuarta posición. No partido decisivo, o rival foi o Lóstregos, ao que o conxunto lucense venceu por 2-0.

Ademais do éxito colectivo, varias xogadoras do CHL Meigas recibiron recoñecementos individuais ao re-

mate da competición. Daniela foi distinguida cun dos premios entregados, mentres que Laura rematou como máxima puntuadora da liga e tamén como máxima goleadora do campionato. Pola súa banda, Uxía foi recoñecida como a porteira co mellor porcentaxe de toda a liga, completando unha destacada presenza do club lucense tamén no apartado individual.

Con este triunfo, o CHL Meigas sénior feminino culmina unha tempada histórica.

“A esgrima é un dos deportes máis seguros que existen”

Falamos con José Luis Bermúdez Salinas, máis coñecido como Pepe Bermúdez, que é o adestrador e presidente do Club Lugo Esgrima

Jessica Fernández

Cando xorde o Club Lugo Esgrima?

Eu comecei na esgrima no ano 2003-2004, cando estaba en Santiago. José Goas e eu comezamos a adestrar no club de esgrima de Compostela da man de Maese Piñeiro, e ao ano seguinte, José Goas decidiu fundar o Club Lugo Esgrima xunto cos membros de Santiago. En Santiago segue o club, que é COMES - Compostela Esgrima, e en Lugo, Club Lugo Esgrima, que é fillo do Comes. Como xa viña practicando con eles, co tempo acabou tocándome a min asumir a Presidencia, mentres que Iago Fernández ocupa o cargo de tesoureiro e Emily Hidalgo de secretaria.

Como valora a evolución nestes anos?

En canto á evolución, é positiva. Foi incorporando cada vez máis xente e chegou a haber grupos de nenos con participación en competicións e mesmo con premios. Porén, a crise da Covid fixo que desaparecese case a metade dos practicantes, xa que as medidas de prevención non axudaban especialmente a este deporte, no que o uso da máscara, aínda sendo habitual na esgrima, resultaba igualmente incómodo pola situación xeral. A pesar diso, a evolución é boa e continúa a medrar o número de grupos, ademais de incorporarse cada vez nenos máis pequenos. De feito, estase a competir nunha categoría M9, na que facía moito tempo que non se participaba. Actualmente, o máis pequeno, Iván Mateo, ten 8 anos, e a persoa máis maior é Carmina Pastrana, de 70 anos. Tamén temos veteranos destacados, como Ricardo Llovo e Alejandro Robledillo (Roble). En total, superamos as 30 persoas no club.

En que consiste este deporte?

A esgrima é un deporte anaeróbico que require partes de alta intensidade, velocidade, potencia e axilidade en curtos períodos de tempo. Baséase na acción-reacción, traballando a forza explosiva e a resistencia muscular, alternando esforzos intensos con breves pausas. Así, a esgrima é fundamentalmente técnica e táctica máis que puramente física, hai que ter destreza e habilidade, como o ci-

clismo, e unha vez que se adquiren os movementos básicos, estes mantéñense no tempo. Pódese perder algo de flexibilidade ou velocidade, pero non se esquece a técnica. Ademais, hai un aspecto especialmente interesante: cada deportista desenvolve o seu propio estilo. Existen estilos moi diferentes que poden ser efectivos fronte a outros, o que crea unha dinámica moi particular, case como un xogo de estratexia, semellante a un taboleiro de xadrez no que cada peza ten o seu xeito de actuar.

Pode competir calquera?

Si, hai ligas de miniesgrima, que son as categorías máis iniciais e empézase a competir con material de plástico en lugar de aceiro inoxidable, que é o empregado nas espadas estándar. As categorías estrutúranse por idades, comezando en M9, para menores de 9 anos, e seguindo por M11, M13, M15, M17 e M21, xa

A partir de aí establécense distintos tramos, como de 40 a 51, de 50 a 62 e máis de 65 anos, con diferentes niveis dentro da competición. Trátase dun deporte no que, aínda que algunhas persoas maiores poden ter máis dificultades co traballo cardiovascular ou co desprazamento, unha vez que se entra no seu ritmo e distancia, a capacidade técnica é sorprendente. É unha disciplina baseada na destreza.

Cales son os beneficios da esgrima?

O deporte é saúde, e a esgrima é movemento e é toma de decisións rápidas. Implica mobilidade e motricidade de todo o corpo, xa que se traballan tanto o tren superior como o tren inferior. É unha disciplina técnico-táctica na que tes que saber en todo momento o que estás a facer ti, o que está a facer o rival e, a partir de aí, tomar decisións rápidas. Require tamén reflexos, coordinación man-braza e unha boa capacidade



a realidade é que, confiando na careta —que é a parte máis resistente do equipamento— non adoita haber problemas. De feito, moitas veces, cando deixamos que se proben a careta, que ademais é bastante pesada, facemos pequenas probas para que reciban golpes coa espada nela, e non ocorre nada, porque é moi resistente. Levamos varios anos sen ter que dar ningún parte por lesión. Como en calquera deporte, pode haber algún esvarón puntual, pero é algo excepcional. De feito, é máis fácil lesionarse no quecemento previo que practicando esgrima en si.

ciais deseñados para a práctica da esgrima. Ademais, é moi pouco habitual que unha espada se rompa, e cando isto ocorre faino de forma plana, non en punta, o que reduce aínda máis o risco. A maiores, a roupa que se emprega está fabricada con materiais anticorte, polo que o nivel de seguridade é moi alto e a práctica considérase segura.

De aquí a ao futuro, cal é o plan no Club?

O proxecto de futuro pasa por seguir promovendo e divulgando o propio deporte, xa que a esgrima é unha disciplina minoritaria e aínda pouco coñecida. Moitas veces a xente descoñece mesmo que exista esgrima en Lugo. Tamén mantemos unha colaboración coa Asociación Lucense de Esgrima Antiga, dirixida por Manuel Campo, dedicada á esgrima histórica. Trátase de entidades independentes, pero que comparten espazos, actividades e colaboracións constantes. A sala está aberta e acolle actividades para calquera persoa que queira probar. Ademais, o ano pasado realizáronse diferentes iniciativas como a esgrima escénica dentro do Arde Lucus, con batallas e exhibicións. Este ano estamos analizando se volver preparar algo para esas datas. E no mes pasado tamén se fixo unha demostración con integrantes de ALUCEM. En xeral, estamos moi satisfeitos, xa que contamos coa capacidade formativa e coas instalacións necesarias para que unha persoa poida iniciarse desde cero ou continuar a nivel avanzado. Isto permite que quen queira poida asentarse no deporte e incluso dar o salto á competición a nivel rexional ou nacional. Mesmo estivemos preto de participar nun mundial, pero chegou a pandemia da Covid. En todo caso, contamos con nivel e seguiremos impulsando a esgrima en Lugo.



en idade universitaria. A partir de aí pásase ás categorías absolutas, nas que pode competir calquera persoa independentemente da idade. Por enriba, existen tamén as categorías de veteranos, que funcionan como un sistema interxeracional. Comezan en pre-veteranos, a partir dos 30 anos, e continúan en categorías oficiais desde os maiores de 40 anos.

de reacción.

Habrá xente que teña medo de apuntar aos seus fillos pola utilización de espadas.

Ademais de que o prezo da licenza é baixa, é un dos deportes máis seguros que existen, confiando na careta e no resto do equipamento. É certo que pode aparecer algún mouratón por algún impacto da espada, pero

Se alguén quere apuntarse a esgrima, que ten que facer?

Os grupos de iniciación están abertos durante todo o ano co obxectivo de dar a coñecer e promover este deporte, e tamén para que a xente poida achegarse e probalo. O equipamento é completamente seguro: hai caretas totalmente resistentes, chaquetas, luvas e pantalóns espe-

LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfono: 661 464 323

E-mail: redaccion@lugoxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións S.L.

Dep. Legal: LU 56-2021

DE RUTA EN RUTA

Ruta polo paseo fluvial e literario de Vilalba

Un percorrido de tres quilómetros que mestura natureza, patrimonio e arte a través dunha ruta literaria á beira do río Madalena

A ruta do río Madalena é un dos paseos fluviais máis coñecidos e transitados da contorna de Vilalba, tanto pola súa beleza natural como pola súa accesibilidade. Trátase dun percorrido de baixa dificultade, pensado para realizar en menos dunha hora e apto para todo tipo de públicos. Aínda que presenta un leve desnivel, está perfectamente acondicionado e pavimentado, o que facilita un paseo cómodo e seguro.

Ao longo dos seus aproximadamente tres quilómetros de traxecto, o camiño conta con bancos para o descanso e tamén con zonas habilitadas con mesas, ideais para facer unha parada e gozar dun intre de lecer ao aire libre. Este paseo fluvial destaca, ademais, pola súa combinación única de natureza e arte, integrando o coñecido Paseo dos Soños, unha ruta literaria formada por esculturas dedicadas a escritores e artistas destacados da zona.

O percorrido comeza nas inmediacións do Muíño do Rañego, unha construción tradicional ligada á actividade agrícola e á moenda de cereais, que estivo en funciona-

mento ata os anos sesenta. Tras o seu abandono, o muíño entrou en estado de deterioro ata a súa posterior rehabilitación no ano 2002, recuperando así parte do patrimonio histórico da contorna.

Neste punto inicial sitúase tamén a primeira das esculturas da ruta, dedicada a Paco Martín, autor de *As cousas de Ramón Lamote*, que marca o inicio do Paseo dos Soños. Cada ano, o Concello en colaboración coa Asociación Cultural Xermolos e a Irmandade Manuel María engade unha nova escultura dedicada a figuras relevantes, situadas aproximadamente cada cen metros entre si, dando lugar aos coñecidos "hectómetros literarios".

O camiño continúa sempre pegado ao curso do río, que se cruza en varias ocasións a través de pontes de madeira, permitindo descubrir progresivamente as distintas esculturas que conforman esta ruta literaria. Durante o percorrido tamén se poden observar pequenas presas, antigos muíños e unha pequena illa, na que medran diferentes especies arbóreas e unha variada vexetación de ribeira.

Xa na parte final da ruta atópase a Área Recreativa da Madalena, un espazo de gran valor para Vilalba que combina praia fluvial e zona axardinada nun entorno dominado pola vexetación autóctona. Trátase dun lugar moi frecuentado no verán, especialmente por familias, e conta con zona infantil, instalacións deportivas e unha pista de *skate*.

Apenas resta un quilómetro para concluír o percorrido, que remata na Ponte dos Freires, punto que marca o final do paseo fluvial e o inicio da zona urbana da capital chairrega.



DATOS



45 minutos



3 quilómetros



Dificultade sinxela



Porta Santiago



Hostal



Cela

ALQUILER DE HABITACIONES
Y APARTAMENTOS

619 376 877

Con baño, TV y caja fuerte, Wi-Fi...
Para pensionistas, trabajadores, estudiantes
CON O SIN PENSIÓN COMPLETA